

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 19

SESION ORDINARIA DO 25 DE OUTUBRO DE 2004

ASISTENTES

Excma. Sra. Alcaldesa
Alonso Vázquez, Xulio
Arias Moreira, José Carlos
Barros Puente, Miguel
Calviño Rodríguez, Julio
Coello Bufill, Antonio
Comesaña Abalde, Carlos
Couto Pérez, José Manuel
Domínguez Olveira, Santiago Xosé
Fernández Davila, María Olaia
Fernández Fernández, Amador
Figueroa Vila, José Manuel
Graña Barcia, María Luisa

Guerra Fernández, Javier Jorge
Iglesias Carrera, José Manuel
López-Chaves Castro, Ignacio Javier
Martíns Vilanova, Margarida Rosa
Méndez Piñeiro, María José
Molares Pérez, Lucía Emilia
Pérez Castrillo, Lois
Pérez Mariño, Ventura
Polo Lima, María Soledad
Ruiz Cenicerros, Mauricio
Sío Lourido, Belén
Soto Ferreiro, Manoel
Toba Girón, Xabier

NON ASISTEN:

Porteiro García, María Josefa

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día vintecinco de outubro do ano dous mil catro, coa Presidencia da Excma. Sra. Alcaldesa, D^a M^a Corina Porro Martínez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Alonso Vázquez, Arias Moreira, Barros Puente, Calviño Rodríguez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Domínguez Olveira, Fernández Davila, Fernández Fernández, Figueroa Vila, Graña Barcia, Guerra Fernández, Iglesias Carrera, López-Chaves Castro, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Molares Pérez, Pérez Castrillo, Pérez Mariño, Polo Lima, Ruiz Cenicerros, Sío Lourido, Soto Ferreiro e Toba Girón, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a tódolos Sres. concelleiros

coa antelación legalmente requirida. Non asiste a Sra. Porteiro García. Está tamén presente a Interventora Xeral, dona Berta Guarner González.

A Presidencia declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a trata-los asuntos da orde do día.

INTERVENCIÓN DA PRESIDENCIA: Comezamos o Pleno do Excmo. cun minuto de silencio polas mulleres que morreron durante este mes vítimas da violencia de xénero.

Neste intre a Corporación Municipal e mailos asistentes no salón de Plenos, postos en pé, gardan un minuto de silencio.

1.-(271).- ACTA ANTERIOR. (SESIÓN ORDINARIA 26.07.04)

Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito, acórdase aprobar a acta correspondente á sesión ordinaria de 26 de xullo de 2004.

2.-(272).- CAMBIO DE VOCAL REPRESENTANTE DO GRUPO MUNICIPAL DO PP NO CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN DO INSTITUTO MUNICIPAL DOS DEPORTES.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral de 6 de outubro de 2004, o voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, propón a substitución de D. Javier Guerra Fernández nomeado vocal corporativo no consello de Administración do Instituto Municipal dos Deportes por D^a María Soledad Polo Lima.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Nomear á concelleira do Grupo Municipal do Partido Popular, D^a María Soledad Polo Lima vocal corporativo no Consello de Administración do Instituto Municipal dos Deportes en substitución de D. Javier Guerra Fernández.

3.-(273).- SOLICITUDE DE COMPATIBILIDADE PARA O EXERCICIO DA DOCENCIA COMO PROFESORA ASOCIADA DA UNIVERSIDADE DE VIGO, PRESENTADA POR D^a ANA KOWALSKI BIANCHI. EXPTE. 15285/220.

ANTECEDENTES.- Con data 28 de setembro de de 2004, o Xefe da Unidade de Persoal, Sr. Córdoba Ardao, informa que "A medio de instancia presentada no Rexistro da Universidade de Vigo, oportunamente remitido a esta Administración pola Xefatura do servizo de Xestión de Persoal desa Universidade o día 28 de setembro de 2004, dona Ana Kowalski Bianchi, funcionaria de carreira da Corporación, incluída na escala de Administración especial, con praza de licenciada en Dereito (Grupo A de titulación), adscrita ó posto de traballo de asesor xurídico no servizo da Muller, solicita a compatibilidade do seu posto de traballo nesta Administración co de profesor asociado T 3, a tempo parcial da Universidade de Vigo".

No devandito informe-proposta, o Xefe da Unidade de Persoal fai a proposta que figura na parte dispositiva do acordo.

No expediente figura o informe favorable do señor Reitor da Universidade de 21 de setembro de 2004.

A Comisión Informativa de Xestión municipal na sesión ordinaria de 18 de outubro de 2004 informa favorablemente o presente asunto.

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de feito e de dereito,

ACÓRDASE:

Primeiro.- Autorizar a compatibilidade á funcionaria, Ana Kowalski Bianchi, adscrita ó posto de Asesor xurídico do servizo da Muller, para desenvolver a actividade de profesora asociada T 3 na Universidade de Vigo, a tempo parcial, entendéndose por esta a que non supere as trinta horas semanais.

Segundo.- A presente autorización non conlevará diminución ningunha na xornada normal de traballo da funcionaria, nin afectará ó seu horario de traballo.

Para o suposto de que suma das retribucións brutas aunais por ambos postos experimentase algún incrementno que excedese dos límites anteriormente

reseñados, o interesado deberá solicitar do Pleno do concello a pertienente dispensa, segundo o disposto no artigo 7.1 da Lei de incompatibilidades.

Terceiro.- A presente autorización non implicará perda do complemento específico segundo o disposto no artigo 16.3 da Lei 53/84, de 26 de decembro.

Cuarto.- Quedará sen efecto, polo que deberá volver a solicitala, no caso de cambio de posto de traballo ou cando a súa xornada supere a máxima prevista no artigo 14 do RD 598/85, de 30 de abril.

4.-(274).- DAR CONTA DE INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA E RECOÑECIMENTO DE DÉBEDA POR IMPORTE DE 30.000 € A FAVOR DE FARO DE VIGO POLA DISTRIBUCIÓN DUN POLÍPTICO CONMEMORATIVO DA RECONQUISTA DE VIGO. EXPTE. 1173/101.

ANTECEDENTES.- a Xunta de Goberno Local, na súa sesión do día 20 de setembro de 2004, adoptou o seguinte acordo:

"1.- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA E RECOÑECIMENTO DE DÉBEDA POR IMPORTE DE 30.000 € A FAVOR DE FARO DE VIGO POLA DISTRIBUCIÓN DUN POLÍPTICO CONMEMORATIVO DA RECONQUISTA DE VIGO. EXPTE. 1173/101.

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co informe proposta de data 06.04.04 emitido polo xefe do Servizo Administrativo da Alcaldía conformado polo concelleiro delegado de Xestión Municipal, e visto o informe da Intervención Xeral de data 27.04.04, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Validar as actuacións de gasto realizado sen fiscalización previa que figuran na factura seguinte, relativa á distribución dun políptico conmemorativo da Reconquista de Vigo:

- N.º 0001701, de "Faro de Vigo, S.A." (CIF. A-36600815), data de Rexistro Xeral 01/04/04, polo concepto "Día da Reconquista Concello", por importe de 30.000 euros, IVE incluído.

2º.- Recoñecer a obriga a favor de "Faro de Vigo", con cargo á partida orzamentaria 111.1.226.02.03, "Vigo 2005-2007", por un importe total de 30.000 euros.

3º.- Dispoñer o gasto a favor de "Faro de Vigo, S.A.", por importe de 30.000 euros, IVE incluído, con cargo á partida orzamentaria 111.1.226.02.03, "Vigo 2005-2007" do orzamento prorrogado actualmente en vigor."

4º.- Do presente acordo deberá darse conta ó Pleno da Corporación na primeira sesión que realice."

A Comisión informativa de Xestión Municipal, na súa sesión do día 18 de outubro de 2004, quedou enterada do anterior.

De todo o anterior a Presidencia da conta á Corporación quedando esta enterada.

5.-(275).- DAR CONTA DE INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA E RECOÑECIMENTO DE DÉBEDA POR IMPORTE DE 51.789,59 €, A FAVOR DE "MERCKLEY, GABINETE DE COMUNICACIÓN Y ARTE, S.L.", POR GASTOS DE PUBLICIDADE INSTITUCIONAL. EXPTE. 1362/101.

ANTECEDENTES.- a Xunta de Goberno Local, na súa sesión do día 4 de outubro de 2004, adoptou o seguinte acordo:

"1.- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTORIA A FAVOR E RECOÑECIMENTO DE DÉBEDA POR IMPORTE DE 51.789,59 €, A FAVOR DE "MERCKLEY, GABINETE DE COMUNICACIÓN Y ARTE, S.L." POR GASTOS DE PUBLICIDADE INSTITUCIONAL.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do xefe do Servizo Administrativo da Alcadía de data 24-09-04 conformado polo concelleiro da Área de Xestión Municipal, así como o informe do interventor xeral acctal. de data 27-09-04, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Acordar a indemnización substitutoria polo gasto realizado sen fiscalización previa correspondente á relación de facturas que segue.

Segundo.- Recoñecer a obriga a favor de Merkley Publicidad que figura en cada unha das facturas relacionadas e pola cantidade que se especifica en cada unha delas, con cargo á partida orzamentaria 111.1.226.02.00, "Publicidade Relacións Públicas", por importe total de 51.789,85 euros, IVE incluído.

Terceiro.- Disponer o gasto a favor de Merkley Publicidad, con cargo á partida orzamentaria 111.1.226.02.00, "Publicidad Relacións Públicas, polo importe que figura en cada una das facturas da relación que segue e que suman un importe total de 51.789,85 euros, IVE incluído:

- Nº 4463, data de Rexistro Xeral 26/04/04, polo concepto "Bando vandalismo", por importe de 10.833,96 euros, IVE incluído.
- Nº 4465, data de Rexistro Xeral 26/04/04, polo concepto "Turismo, Festas, Desenvolvemento L.", por importe de 3.884,72 euros, IVE incluído.
- Nº 4473, data de Rexistro Xeral 04/05/04, polo concepto "Faro de Vigo, 20 módulos; La Voz de Galicia, 20 módulos", por importe de 2.562,21 euros, IVE incluído.
- Nº 4435, data de Rexistro Xeral 10/05/04, polo concepto "Subvencións a entidades deportivas; Programación entroido; Administración de

- Tributos; Recadación Voluntaria e Festas, Benestar Social, Festas, Mobilidade", por importe de 9.496,68 euros, IVE incluído.
- Nº 4487, data de Rexistro Xeral 13/05/04, polo concepto "Faro de Vigo, 20 módulos. Atlántico Diario, 20 módulos", por importe de 2.589,82 euros, IVE incluído.
 - Nº 4494, data de Rexistro Xeral 20/05/04, polo concepto "Bando Día das Letras Galegas", por importe de 7.955,86 euros, IVE incluído.
 - Nº 4493, data de Rexistro Xeral 20/05/04, polo concepto "Circulación viaria-Vehículos aban. Participación Cidadá", por importe de 4.701,06 euros, IVE incluído.
 - Nº 4497, data de Rexistro Xeral 26/05/04, polo concepto "Faro de Vigo, 4 módulos. Atlántico Diario, 4 módulos", por importe de 517,96 euros, IVE incluído.
 - Nº 4503, data de Rexistro Xeral 31/05/04, polo concepto "Bando. Atención e Participación C.", por importe de 6.249,91 euros, IVE incluído.
 - Nº 4527, data de Rexistro Xeral 07/06/04, polo concepto "Participación Cidadá. Participación Cidadá, Festas, Desenv.", por importe de 2.997,67 euros, IVE incluído."

A Comisión informativa de Xestión Municipal, na súa sesión do día 18 de outubro de 2004, quedou enterada do anterior.

De todo o anterior a Presidencia da conta á Corporación quedando esta enterada.

6.-(276).- APROBACIÓN DEFINITIVA DO REGULAMENTO ORGÁNICO DA COMISIÓN ESPECIAL DE SUXERENCIA E RECLAMACIÓNS E DO VALEDOR DO CIDADÁN. ALEGACIÓNS PRESENTADAS. EXPTE. 1179/110.

ANTECEDENTES.- O Pleno do Concello, en sesión do día 31 de maio de 2004, acordou aprobar inicialmente o proxecto de Regulamento orgánico da comisión especial de Suxestións e Reclamacións e do Valedor do Cidadán co texto que figura no devandito acordo e sometelo a exposición pública polo prazo de 30 días.

Segundo certifica con data 29.11.04 o Titular do órgano de Apoio á Xunta de goberno Local, durante o prazo sinalado no edicto do Concello, publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 113 de data 15.06.04, presentouse no Rexistro Xeral deste Concello unha reclamación de D. Guillermo Pampín Penedo.

Con data 1 de outubro de 2004, o Secretario Xeral do Pleno informa do que segue:

S.Ordinaria 25.10.04

"LEXISLACIÓN APLICABLE:

- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL).

ANTECEDENTES:

O Concello Pleno na súa sesión do 31 de maio de 2004 aprobou inicialmente o proxecto de regulamento orgánico da Comisión Especial de Suxestións e Reclamación e do Valedor do Cidadán. Esfectuado o preceptivo trámite de información pública mediante anuncio publicado no BOP de data 15 de xuño ó obxecto de que se presenten as reclamacións e suxerencias que se consideren convenientes, preséntase dentro do prazo para isto previsto, escrito de alegación formulado por D. Guillermo Pampin Penedo segundo se fai constar na certificación incorporada ó expediente.

O escrito de alegación solicita a elaboración dun novo regulamento en virtude das seguintes consideracións:

- Infracción do art. 11.3 da Lei 30/1992 en tanto en canto se produce unha duplicidade de órganos -Comisión Especial e Valedor do Cidadán- con idéntidas funcións de supervisión e control respecto da actuación da administración municipal.
- Creación dun órgano (Valedor do Cidadán) non previsto na Lei.
- Incompleto réxime de incompatibilidades dos cargos do Valedor do Cidadán e do seu Adxunto.
- Falta de obxectividade e transparencia no funcionamento da Unidade Administrativa de suxerencias e reclamacións.
- Falta de coordinación entre a Comisión Especial e o Valedor do Cidadán.
- Defectos de procedemento na tramitación do expediente.

Con relación á alegación formulada procede emitir o seguinte:

INFORME:

No informe desta Secretaría Xeral de data 29 de abril xustificábase o mantemento da figura institucional do Valedor do Cidadán en base á seguinte consideración:

"Entende esta Secretaría que o documento na súa redacción final axústase integramente ás previsións e mandatos da Lei debéndose destacar do mesmo o mantemento da figura institucional do Valedor do Cidadán como órgano de enlace entre os cidadáns e a Comisión ademais de ser un elemento de apoio e colaboración nas funcións desta. Asemesmo a súa continuidade xustifícase na maior independencia, obxectividade e imparcialidade nas recomendacións e suxerencias que, en relación coas queixas presentadas, podan efectuarse á Administración Municipal ou substraer estas do lóxico debate e posicionamento político que pode darse no seo da Comisión en virtude da condición dos membros integrantes da mesma sen que elo implique un desapoderamento das funcións de supervisión que a Lei outorga á Comisión en tanto en canto no regulamento recoñécese a este órgano mecanismos e competencias suficientes para controla-lo funcionamento dos servizos e garantir con elo a defensa dos dereitos básicos e mínimos da comunidade veciñal".

Sen prexuízo de nos ratificar nas mesmas consideracións que trataron de expoñer, dende o principio de eficacia administrativa (art. 103.1 CE), a permanencia do Valedor do Cidadán, a decisión de esa existencia ten o seu fundamento na potestade de autoorganización que en todo caso ostentan os municipios (art. 4.1.a) LBRL), núcleo esencial da súa autonomía constitucionalmente recoñecida (art. 140 CE) e que en materia de órganos complementarios ten a súa observancia expresa no art. 20.3 da LBRL que sinala:

“Os propios municipios, nos Regulamentos Orgánicos, poderán establecer e regular outros órganos complementarios, de conformidade co previsto neste artigo e nas leis das Comunidades Autónomas ás que se refire o número anterior”.

Hemos de dicir que ese precepto no seu apartado 1.d) advirte que nos Municipios ós que lle é de aplicación o Título X deben necesariamente constituir unha Comisión Especial de Suxerencias e Reclamacións cuxas competencias, organización, funcionamento e composición deben determinarse a través do seu Regulamento Orgánico, nada impide polo tanto que o Concello de Vigo dende esa potestade de autoorganización estableza como complemento necesario da Comisión e para mellorar o funcionamento da mesma, un órgano complementario -O Valedor- cuxo titular, elixido pola propia Comisión, coaduxo con esta nos fins que lle son propios.

Entendemos que esta decisión de ningún xeito contravén os límites ós que loxicamente debe plegarse o exercicio da potestade de autoorganización, límites que establecen as lexislacións estatais e autonómicas que neste aspecto tan só mencionan (art. 132 LBRL) a composición esencial do órgano, que debe ser proporcional ós dos grupos políticos municipais e a súa competencia básica que se concreta na supervisión da actividade municipal e na obriga de dar conta ó Pleno, mediante informe anual, das queixas (reclamacións) presentadas. Nada dí a lexislación básica de cómo deben tramitarse as reclamacións cidadás, aspecto que o Regulamento orgánico aproveita para desenvolver e regular dando entrada neste procedemento a un órgano complementario, o Valedor do Cidadán.

Non obstante o indicado faise constar que na parte dispositiva do acordo polo que se aprobou inicialmente o Regulamento sinalase o seguinte:

“Segundo.- O Pleno do Concello de Vigo comprométese no período de duración do actual mandato lexislativo a avaliar o funcionamento conxunto da Comisión Especial de Suxerencias e Reclamacións e do órgano institucional do Valedor do Cidadán, ó obxecto de replantexarse a existencia deste último, no suposto de que razóns de eficacia e eficiencia nas atribucións de ambos, debidamente motivadas, así o recomenden.”

En canto ó réxime de incompatibilidades o Regulamento recoñece ós titulares dos órganos do Valedor e do seu Adxunto a compatibilidade do cargo co exercicio de actividades privadas, isto non impide que a tales persoas lles sexa aplicable o deber xenérico de abstención previsto no art. 28 da LRJPAC cando tramiten reclamacións nas que teñan interese persoal ou cando se dean as outras circunstancias mencionadas neste precepto.

A alegación de falta de obxectivos e transparencia respecto da denominada “Unidade Administrativa de Reclamacións” baseada na reflexión de que tal unidade pode ser inclusive obxecto dunha queixa ou reclamación por parte da

ciudadanía carece de rigor. É de entender que nesta hipótese tamén existe un deber legal de abstención e que tal escrito será tratado directamente pola Comisión ou polo Valedor.

A aseveración de falta de coordinación ante a Comisión e o Valedor carece de fundamento en tanto en canto esta coordinación aparece ampliamente recollida no texto aprobado inicialmente.

En canto á alegación de defectuosa tramitación do expediente ante a falta de fiscalización do mesmo por parte de Intervención non podemos compartir a aseveración de que a creación desta Comisión suporá para as arcas municipais un custo de 3.000.000 euros pois a presenza de membros corporativos en Comisión non devenga dereitos económicos por asistencia (indemnizacións) a non ser que sexan membros dos órganos lexislativos do Estado ou da Comunidade Autónoma. Neste aspecto tamén debemos indicar que o gasto da Oficina do Valedor xa consta contraído nos vixentes orzamentos sen que a aprobación do Regulamento dea lugar a maior custo, en calquera caso a Intervención fiscalizará o gasto da Unidade Administrativa de Reclamacións unha vez ista se constitúa sendo a súa mención no Regulamento unha mera previsión pendente de materialización.

De conformidade co anterior, o Secretario Xeral do Pleno formula a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Xestión Municipal, na súa sesión do 18 de outubro de 2004, dictamina favorablemente a devandita proposta.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito, acórdase:

Primeiro.- Non considerar a alegación formulada por D. Guillermo Pampín Penedo.

Segundo.- Aprobar definitivamente o Regulamento Orgánico da Comisión Especial de Suxerencias e Reclamacións e do Valedor do Cidadán, de acordo co texto aprobado inicialmente.

Terceiro.- Proceder á publicación íntegra do texto aprobado no BOP a efectos da súa entrada en vigor.

Cuarto.- Notificar o presente acordo ós interesados que compareceran no expediente con expresión dos recursos procedentes.

7.- (277).- MODIFICACIÓN DA RPT DO IMD PARA O ANO 2005. EXPTE. 4809/333.

INTERVENCIÓN DA SRA. MOLARES PÉREZ: Este punto meteuse na orde do día por urxencia e quedaba pendente de facer un informe por parte da Intervención.

Coma ese informe aínda non está, reconvertimos este punto nunha moción que presenta o Grupo Popular na que se solicita o mesmo que no asunto que ía na orde do día que é que pola necesidade de persoal para o IMD, se incremente o cadro de persoal en 8 prazas de auxiliares de mantemento condicionado ó orzamento do 2005 do IMD aprobado no Consello de Administración ou ben, no caso de que ese orzamento non se aprobe no Pleno que se fagan as modificacións orzamentarias necesarias para facer efectivas esas 8 prazas por ser unha necesidade real no funcionamento do IMD.

Retírase este asunto da orde do día e reconvírtese en moción pasando a ser votada cos asuntos urxentes nesta mesma sesión.

8.-(278).- DETERMINACIÓN DA FORMA DE XESTIÓN DO SERVIZO DE CONSERVACIÓN E REPOSICIÓN DE ZONAS VERDES E PARQUES INFANTÍS.

ANTECEDENTES.- Dada a actual tramitación de expediente de contratación dos servizos de conservación e reposición de zonas verdes e parques infantís do Concello de Vigo, o Xefe da Área de Réxime Interior con data 22 de outubro de 2004 emite o informe que segue sobre a determinación da forma xestora da prestación do servizo no que figura o conforme do Sr. Secretario Xeral do Pleno:

“Interesado pola Alcaldesa-Presidenta informe-proposta en relación coa determinación da forma xestora da prestación do servizo público municipal para a conservación e reposición de zonas verdes e parque infantís, emite o seguinte:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL).
- Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas (TRLCAP).

ANTECEDENTE

Estase tramitando expediente de contratación para a prestación dos servizos de conservación e reposición de zonas verdes e parques infantís, o prego de cláusulas administrativas particulares califica o contrato como de xestión de servizos públicos e nel optase pola concesión administrativa como modalidade de xestión indirecta.

O artigo 123 da LBRL refírese ás atribucións do Pleno, este precepto no seu apartado 1.g) advirte que corresponde a este órgano "A determinación das formas de xestión dos servizos...", isto quere dicir que previamente á aprobación do expediente de contratación pola Xunta de Goberno Local, o Pleno da Corporación debe decidir a forma concreta de prestación do servizo, cuestión que con anterioridade á reforma da LBRL operada pola Lei 57/2003, decidíase implicitamente por este órgano no momento de aprobación dos respectivos expedientes de contratación.

Para falar de "servizo público local" é necesario, entre outros requisitos -regularidade ou continuidade-, que unha disposición legal declara expresamente que tal actividade debe ser asumida pola Administración como propia o que implica a necesidade de prestala en beneficio dos cidadáns.

Na lexislación de Réxime Local os "parques e xardíns", e polo tanto a súa conservación, mellora e mantemento, están concibidos como servizos públicos municipais a través da mención que deles efectúan os arts. 25.2.d) e 26.1.b) da LBRL.

O art. 85.2 da LBRL sinala que os servizos públicos de competencia local poderán prestarse directa ou indirectamente e concreta que as formas de xestión indirecta son as previstas no art. 156 do TRLCAP, é dicir, concesión, xestión interesada, concerto e sociedade de economía mixta.

Antes de indicar cal é a forma de xestión indirecta máis idónea para a correcta e eficaz consecución dos fins previstos, é preciso fundamentar as razóns polas que non procede a prestación do servizo mediante xestión directa. Neste sentido indicaremos que o motivo esencial pola que a administración municipal non presta o servizo a través da súa propia estrutura é a carencia de medios persoais e materiais adecuados na organización municipal, é dicir, á ausencia en plantilla de persoal funcionario ou laboral especializado nas tarefas a realizar, e na indispoñibilidade de medios instrumentais necesarios. Os medios humanos, no expediente confeccionado, elévanse a 91 persoas e para os materiais se calcula unha inversión de 600.429 €.

En canto ás formas específicas de xestión indirecta unha característica común da xestión interesada e da sociedade de economía mixta é a participación da administración nos posibles beneficios lucrativos que poden derivarse da prestación da actividade, posibilidade que o Concello non pode propoñerse neste caso ó non se-lo servizo de conservación e reposición de zonas verdes unha actividade suxeita a prezo. En canto ó concerto debemos dicir que esta forma indirecta caracterízase pola existencia de particulares que realizan prestacións análogas ás do servizo a contratar, forma típica cando se fala dos servizos educativos ou sanitarios pero de imposible encaixe no que nos ocupa en tanto en canto este se efectúa materialmente sobre bens de dominio público municipal onde a iniciativa privada é inexistente.

Por exclusión a modalidade baixo a cal debe prestarse o servizo ten de ser a concesión administrativa, típica e tradicional forma de xestión indirecta caracterizada como un contrato en virtude do cal un empresario, a cambio dunha contraprestación económica presta, controlado e dirixido pola Administración, un determinado servizo baixo o seu propio risco e ventura, sen prexuízo do equilibrio económico-financeiro que corresponda por introducción de modificacións ordenadas pola Administración Municipal. A

retribución do concesionario debe permitir, mediante unha correcta xestión, a amortización e cobertura dos gastos de explotación e a obtención de normal beneficio industrial.

En virtude do exposto efectúase ó Concello-Pleno a seguinte proposta que, no seu caso, deberá ser acordada co voto favorable da maioría simple dos asistentes."

A seguir o Xefe da Área de Réxime Interior formula a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

DEBATE.- SR. TOBA GIRÓN: O que nos traen vostedes a Pleno en aplicación das novas determinacións da Lei de grandes cidades é o cambio de modelo de xestión indirecta do mantemento de parques e xardíns dun sistema que ata agora era xestión por servizo público, a un procedemento de concesión administrativa.

Como ben saben a posición do noso Grupo a respecto dos servizos municipais unha vez rematados os contratos, vai pola vía da recuperación da xestión polo propio Concello, de que este servizo, coma outros, poidan ser xestionados directamente polo Concello acadando con iso unha maior eficiencia na propia xestión do mantemento deste servizo público que é crucial para a cidade de Vigo.

Independentemente do debate que se está levando a cabo na comisión de Control da Contratación sobre o propio prego de condicións, debate no que nós xa fixemos algunhas suxestións, vémonos na obriga de lle explicar ó Pleno a nosa vontade preferente de que este servizo pase a ser xestionado directamente polo Concello de Vigo; temos capacidade e seguramente seríamos moito máis eficientes.

En todo caso e en relación coa votación, vostedes nos presentan pura e sinxelamente optar entre dous sistemas de xestión indirecta, ben por vía de servizo público, ben por vía de concesión administrativa. Ningunha das posicións é a do noso Grupo.

SR. SOTO FERREIRO: Para debater este tema, diante da exposición feita polo Sr. Toba, dicirlle a el e ós compañeiros do Bloque que non é bo confundiren desexos con realidades.

Se me preguntaran cal é a forma máis desexable de facer xestión pública eu diría que a que acaba de anunciar o Sr. Toba pero, cos pés no chan e coñecendo a realidade do mundo no que vivimos, a verdade é que as xestións

dos servizos públicos pasan máis por fórmulas de concesión ou calquera outra que non sexa precisamente a xestión directa por parte do Concello.

Pódeseme dicir que houbo unhas escandalosas permisibilidades coas concesionarias e eu teño que dicir que é certo, por exemplo no día de hoxe hainas con Vitrasa, con Seragua, etc., aínda non vin unha auditoría ben feita coas concesións públicas para nos dicir onde estamos e ónde queremos ir coas concesións públicas. Polo tanto é responsabilidade do conxunto da Corporación e dende logo de quen ten o poder executivo nela, de que as concesionarias estean debidamente controladas e cumpran os fins para os que os pregos de condicións foron redactados e por suposto que hai que redactar ben os pregos de condicións coma primeira condición "sine qua non".

Pero malia todo iso coido que sería moito máis oneroso e que polo tanto os veciños teríamos que pagar máis se é o Concello quen xestiona directamente os servizos ca se non o fai. Iso é unha realidade e aí están todos os exemplos históricos neste e en todos os Concellos.

Por iso dicíalle ó Sr. Toba que non podemos confundir os desexos coa realidade; os meus serían exactamente os mesmos que os del. A min gustaríame vivir nun mundo onde a responsabilidade individual e colectiva dos individuos fixera que iso fora posible, dígolle aínda máis: quero soñar que ese mundo chegará pero tamén son consciente que non é o de hoxe e como non o é eu quéroilles dar o mellor servizo posible ós cidadáns co custo menor posible porque é moi importante para eles e iso non pasa pola xestión directa, pola municipalización, dito doutro xeito, penso que as cousas non pasan por aí.

SR. TOBA GIRÓN: Non se pode pretender liquidar un debate coma este coa formulación de posicións que nacen de puros prexuízos e non da realidade dos acontecementos.

A realidade está expresada mesmo no expediente nun informe que non sei se vostedes leron, o informe ten data do pasado 25 de agosto e é da Intervención Xeral do Concello. Nese informe fálase dos cambios que se pretenden no prego de condicións e tamén da necesidade de que haxa 89 persoas para se encargar das tarefas á parte da maquinaria e da infraestrutura necesaria. Supoño que o coñecen e sinxelamente sácoo a mostra de exemplo, pero hai un terceiro parágrafo neste informe que me dá a razón.

Por suposto que aquí hai unha maioría e somos conscientes diso pero coidado con falaren de cousas que non se poden obxectivar. No terceiro parágrafo

di: "Só indicar que avaliando os datos do cadro de persoal de parques e xardíns poderíase cuantificar a contratación do dito número de persoas (as famosas 89 persoas que pretende o prego) nun custo aproximado de 2.300.000 euros/ano, con retribucións por traballador de 24.000 euros/ano con seguridade social incluída e de seren así aínda sobre o tipo de licitación quedaría un restante de máis de 1.300.000 euros para atender á provisión de materiais".

Efectivamente que un pode repetir ata a sociedade un discurso que pode semellar crible pero que non o é porque o que presenta o propio informe e os propios estudos que nós tamén levamos a cabo sobre o prego de condicións, é que efectivamente nos sae máis caro o servizo coa concesión administrativa. Poderíamos crear esas 89 prazas no cadro de persoal e aínda teríamos un restante sobre o tipo de licitación que pretende o prego de condicións de máis de 1.300.000 euros e, para que nos deamos conta do que estamos a falar, teríamos un restante de máis de 200 millóns de pesetas. Ese contrato agora mesmo vale 2.300.000 euros segundo os datos do Orzamento de 2003 e de 2004, polo tanto fíxense vostedes se habería sobranse.

Estamos diante dunha pura decisión política pero obxectivamente a razón está ó noso carón.

SR. SOTO FERREIRO: Efectivamente coma di o Sr. Toba esta é unha discusión para moito tempo, é de calado en moitos sentidos. Pero lle volto dicir que unha cousa é teorizar e outra a realidade e esta é teimuda. Esta teimudez é que vostede pode formular os números sobre o papel e saen, logo na práctica xamais saen e vostede e máis eu sabemos o por qué, ben polas baixas, polo absentismo... O día que collan e me dean datos contrastados de concellos europeos nos que resulte máis eficaz e barata a xestión feita polos concellos que cando se fai a través de servizos concertados e outros, estarei encantado e empezarei a pensar que socioloxicamente o mundo está a cambiar pero ata agora vostede fala de suposicións sobre o papel; eu fálolle das realidades das xestións de case todos os concellos democráticos europeos.

Ó non estar dictaminado o expediente por comisión informativa ningunha, a Presidencia somete a votación a ratificación da súa inclusión na orde do día.

(No momento das votacións está ausente a Excma. Sra. Alcaldesa, ocupando a Presidencia o Primeiro Tenente de Alcalde, Sr. Figueroa Vila)

VOTACIÓN DA RATIFICACIÓN DA INCLUSIÓN DO ASUNTO NA ORDE DO DÍA: Por unanimidade dos vintecinco membros presentes da Corporación, dos vintesete que a constitúen de feito e de dereito, acórdase a inclusión do presente asunto na orde do día.

VOTACIÓN E ACORDO: Con dezaoito votos a favor dos Sres. e Sras. Alonso Vázquez, Arias Moreira, Barros Ponte, Calviño Rodríguez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Graña Barcia, Guerra Fernández, Iglesias Carrera, López-Chaves Castro, Molares Pérez, Pérez Mariño, Polo Lima, Ruiz Ceniceros, Sío Lourido, Soto Ferreiro e a Presidencia, e sete abstencións dos Sres. e Sras. Domínguez Olveira, Fernández Davila, Fernández Fernández, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Pérez Castrillo e Toba Girón,

ACÓRDASE:

Establecer a xestión indirecta mediante concesión administrativa como forma de prestación do servizo público de conservación e reposición de zonas verdes e parques infantís de titularidade municipal, de conformidade co informe transcrito nos antecedentes do presente acordo emitido polo Xefe da Área de Réxime Interior e conformado polo Secretario Xeral do Pleno.

9.-(279).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE DPG INSTANDO QUE OS SERVIZOS SOCIAIS REALICEN ESTUDOS PARA A CREACIÓN DE CENTRO DE DÍA PARA ASISTENCIA A PERSOAS SEN RECURSOS.

ANTECEDENTES.- Mediante escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 30 de setembro de 2004, o voceiro do Grupo municipal de Democracia Progresista Galega, Sr. Soto Ferreiro, formula a seguinte moción:

“Unha sociedade que non fose capaz de axudar ás persoas con necesidades perentorias de supervivencia estaría gravemente enferma de egoísmo, e mesmo non se podería considerar digna.

Mais moitas veces a culpa non está na sociedade mesma, senón en quen ten a responsabilidade de gobernala.

Na nosa cidade, en Vigo, a carón dalgunhas xentes que viven na opulencia, e doutros moitos que vivimos dignamente, hai xentes que non teñen nin pra comer, e algunhas nin onde durmir, nin onde estar (albergue e centros de

día), entre outras cousas porque ás veces chove, ás veces fai frío, e mesmo ás veces temos as dúas cousas...

Debera estoupar dentro das nosas conciencias un berro infinito de rebeldía contra esta inhumana situación, xa que estes feitos son un atentado contra os dereitos humanos máis elementais. Por iso, colectivamente, como pobo, como cidadáns, témola obriga de procurarlle unha solución solidaria, o máis inmediata e xusta posíbel, a esta lamentable situación.

E convirán connosco que non é unha solución axeitada a práctica da mendicidade, porque degrada a quen a practica e pon nunha situación difícil a quen se ve abordado por algunha persoa mendiga. É máis, coidamos que non se deben dar ningún tipo de esmolos na rúa.

Antes ben, a nosa solidariedade debe ser canalizada a través de institucións especializadas en tratar estes problemas, e tamén cos noso impostos, que os gobernantes deberán dedicar, entre outras cousas, a paliar estes gravísimos problemas humanos e sociais.

Consonte co antedito propoñemos:

Que, co obxectivo de podermos prestar unhas atencións sociais solidarias, procedamos á construción dun Albergue e Centros de Día onde acubillar a quen o precise. Os servizos sociais farán os informes precisos pra que a situación dos mesmos quede ben determinada no PXOM.

E namentres se constrúen, debemos concertar estes servizos con institucións dedicadas a estes mesteres. Con ese obxectivo, os servizos sociais do Concello farán tódolos estudos estatísticos convenientes pra podermos determinar as contías a dedicar pra:

- 1.- Que os Servizos Sociais do Concello garanten que as persoas que non teñan recursos poidan realizar tres comidas cada día (almorzo, xantar e cea).
- 2.- Que os Servizos Sociais do Concello lle proporcionen un lugar axeitado ás persoas que non teñan onde durmir.
- 3.- Que os Servizos Sociais do Concello lle proporcionen algúns lugares axeitados (Centros de Día), cunha distribución xeográfica conveniente, pra que poidan estar ás persoas que non teñan fogar.
- 4.- Que nos orzamentos para o ano 2005 e seguintes, aparezan partidas orzamentarias con consignación suficiente pra garantir tódolo enriba indicado."

DEBATE.- A PRESIDENCIA: Non temos tempo limitado pero si hai un acordo para que haxa unha brevidade nas mocións para tratar os temas con axilidade. Por suposto que sen tempos e sen recortes pero procuremos cumprir o acordo ó que chegamos verbalmente.

SR. SOTO FERREIRO: Por suposto, ese acordo foi unánime e pola miña parte así se cumprirá.

A moción que propoñemos di: "Que os Servizos Sociais do Concello garantan que as persoas que non teñan recursos poidan realizar tres comidas cada día, almorzo, xantar e cea.

Que os Servizos Sociais do Concello lles proporcionen un lugar axeitado ás persoas que non teñen un lugar onde durmir.

Que os Servizos Sociais do Concello lles proporcionen algúns lugares axeitados, centros de día, cunha distribución xeográfica conveniente para que poidan estar as persoas que non teñan fogar.

Que nos Orzamentos para o ano 2005 e seguintes aparezan partidas orzamentarias con consignación suficiente para garantir todo o enriba indicado."

Se fixeramos un referéndum para lle preguntar isto á enorme maioría dos vigueses, estou seguro de que por rotundo resultado sairía que a sociedade viguesa se sinte corresponsable de que todas as persoas que estean no noso termo municipal poidan comer tres veces ó día e poidan ter un sitio onde estar; estou moralmente convencido e seguro de que vivo nunha sociedade así.

Nós temos que garantir o pensamento maioritario de solidariedade e garantilo con orzamentos, falo polo tanto dos Orzamentos do 2005 consciente de que sería aí onde se lle podería dar a solución máis de fondo a este tema e, como a brevidade obríganos a todos, dígolles xa sen máis datos que espero que poñamos a primeira pedra dun camiño que ten que rematar con situacións sociais coma por exemplo as de xentes pedindo esmolos polas rúas porque, na miña opinión, degrada a quen as pide e a quen as dá. A solidariedade ten que vir polo camiño da xustiza e da organización social e polo tanto que ninguén poida alegar que hai unha sociedade que non lle dá de comer nin onde durmir. Coido que a proposta é contundente.

SRA. FERNÁNDEZ DAVILA: Compartindo todo o que acaba de dicir o Sr. Soto no que son as explicacións e as razóns que dá para facer esta proposta, só dicir que se non o podemos apoiar no día de hoxe é porque hai 4 meses aprobamos nesta Corporación unha moción que instaba ó Goberno a axilizar os trámites dun centro de emerxenza social, que xustamente se chama así porque ten que estar dotado de todos estes servizos e non só do comedor, senón tamén do centro de atención e mesmo dun albergue para que poidan durmir.

Polo tanto, compartindo esas razóns sociais para que dende os servizos públicos de Vigo se faga este tipo de servizos, nós fariamos unha proposta de emenda a esta moción que é a de instar ó Goberno a axilizar os trámites

para executar o que se aprobou hai 4 meses neste Pleno que é a creación dun centro de emerxenza social.

SR. SOTO FERREIRO: Sra. Fernández, non lle vou aceptar a emenda e voulle explicar polo qué.

En primeiro lugar hai unha diferenza substancial co que vostede di, vostede falaba dun albergue e aquí fálase dunha planificación de todo o Concello á que non se lle pon data, di que ten que empezar cos Orzamentos do ano 2005 pero se fala dun programa con lugares axeitados, con centro de día... Non son eu quen lles fala senón os indixentes de Vigo que falan comigo, dixéronme que lles presta o local a asociación "Médicos del mundo". Pódolles dar máis datos e se queren tamén poden falar con eles. Para un indixente que non ten nin para o autobús. élle terriblemente difícil ir dunha punta á outra de Vigo para que lle dean unha comida diaria no verán. Polo tanto as mocións poden ser as que sexan pero a realidade social é a que eu lles digo, hai moita xente en Vigo que tivo unha soa comida ó día e a algúns lles era terriblemente difícil percorrer toda a cidade para chegaren ó lugar onde lla daban que concretamente no verán era o Centro San Francisco.

Sei do que falo e qué propoño. Propoño que haxa distribución territorial; se a vostedes lles parece ben votalo estará ben, se entende que isto se solapa, non me importaría dicir que esta moción está complementada co albergue porque non me vai o de coller mocións dos demais, iso fixéronno vostedes nalgunha ocasión e se queren lles digo cando, cómo e ónde, pero eu non.

Aquí proponse outra cousa, vostede pode estar de acordo ou non e iso é moi lexítimo pero se propón unha planificación para resolver solidariamente este problema e non facer só un albergue onde se lles dean non sei qué solucións ás xentes.

SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: Estamos totalmente de acordo coa formulación desta moción porque é fundamental que ningunha persoa quede fóra da actuación dos servizos sociais.

É certo que actualmente existen accións que se están levando a cabo na nosa cidade coma -non vou citaren todas- proxectos para os sen teito, convenios con distintas institucións, mesmo ampliouse un convenio con "Médicos del mundo" para traballar noutras zonas da cidade, pero o Goberno municipal é consciente da necesidade de crear mecanismos axeitados e contemplalos dun

xeito globalizado, misión que este Goberno municipal acepta emprender cos novos orzamentos.

Por iso o Orzamento que elaborarán os servizos sociais para o vindeiro ano contemplará as dotacións económicas precisas.

VOTACIÓN E ACORDO.- Con dezanove votos a favor dos Sres. e Sras. Alonso Vázquez, Arias Moreira, Barros Puente, Calviño Rodríguez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Figueroa Vila, Graña Barcia, Guerra Fernández, Iglesias Carrera, López-Chaves Castro, Molares Pérez, Pérez Mariño, Polo Lima, Ruíz Ceniceros, Sío Lourido, Soto Ferreiro e a Presidencia, e sete abstencións dos Sres. e Sras. Domínguez Olveira, Fernández Davila, Fernández Fernández, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Pérez Castrillo e Toba Girón,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción presentada polo voceiro do Grupo municipal de Democracia Progresista Galega, Sr. Soto Ferreiro, sobre realizar estudos para a creación dun centro de día para persoas sen recursos, co texto que figura nos antecedentes deste acordo.

10.-(280).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE DPG SOBRE A OPERATIVIDADE DO AEROPORTO DE PEINADOR.

ANTECEDENTES.- Mediante escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 8 de outubro de 2004, o voceiro do Grupo municipal de Democracia Progresista Galega, Sr. Soto Ferreiro, formula a seguinte moción:

"Que o aeroporto de Peinador é vital pra o desenvolvemento económico de Vigo sabémolo todos menos as institucións aeroportuarias do Estado e a Xunta de Galicia, que nunca se ten preocupado pola funcionalidade do noso aeroporto.

O Plan director debe durmir nalgún caixón, namentres os empresarios claman pola posibilidade de que se abra as 24 horas, ou que no seu defecto se amplíe o horario actual, e tamén por unha terminal de carga para mercadorías, pola ampliación do insuficiente aparcadoiro, etc.

O pobo vigués na construción de Peinador, na defensa do primeiro ILS, etc., e tamén a súa Corporación, teñen intervido de decisivamente no noso Aeroporto. Baste lembrar que temos voos directos con Barcelona gracias a que o noso Concello avaliou economicamente o seu funcionamento ata demostrar que eran voos rendíbeis...

- 1.- Que AENA estudie a operatividade do Aeroporto de Peinador perante as 24 horas.
- 2.- Que namentres se fan os estudos e se procuran as dotacións pertinentes, se amplíe o horario de xeito inmediato pra permitir o cumprimento das solicitudes máis perentorias dos operadores.
- 3.- Que se acometa de inmediato un proxecto de ampliación do aparcadoiro.
- 4.- Que se aborde dunha vez a realización do Plan do Aeroporto."

(No momento da votación estaba ausente o señor Pérez Castrillo)

DEBATE.- SR. SOTO FERREIRO: Está claro que Peinador é un exemplo dos malos tratos que está a recibir Vigo porque historicamente recibiu mal trato por parte das administracións do Estado. Quero ter a esperanza de que un Goberno recén aterrado empece a poñer remedio e para iso empezamos a pedir solucións concretas dende o Concello, sen prexuízo de que votamos no seu día que se cumpra o Plan Director que é unha proposta que fixo, se non lembro mal, o Bloque Nacionalista Galego e que votamos. Digo para que non haxa ningún tipo de confusión.

Hai dous temas de absoluta e puntual urxencia que son o do horario e o do aparcadoiro polos que deberiamos pedir, como xa pedimos coma Corporación por proposta do Bloque no seu día de que se cumpra o Plan Director, que dentro dese Plan se acometa o máis axiña posible a reforma e a solución deses puntos que aí cito e que son: Que a operatividade do aeroporto de Peinador sexa estudada por Aena para que teña un horario conveniente, na nosa opinión as 24 horas, e digo tamén que non me importaría, se é que o precisan, que se faga un implantamento ós poucos ata as 24 horas, pero que se dean xa pasos inmediatos nesa dirección e dende logo que se acometa tamén de xeito inmediato a ampliación do aparcadoiro porque é terceiromundista chegar a Peinador e non ter onde aparcar polo que a xente deixa os coches en calquera sitio.

SR. IGLESIAS CARRERA: Só para lle dar a razón ó Sr. Soto na súa moción porque é indubidable e ninguén pode negar que a velocidade de desenvolvemento da cidade fixo que se chegue a un punto de non retorno; chegar ó aeroporto de Vigo e non poderen aparcar xa é unha constante. Estou totalmente de acordo co que di o Sr. Soto porque agora o tráfico de avións é impresionante.

Dito isto tamén é certo que é moi chamativo que cada vez máis empresas de aluguer dos carros ocupan moitas prazas e non sei se iso está segundo lei. Coido que dende Aena van ampliar o horario de apertura do aeroporto pero eu diría, abondando no que dicía o Sr. Soto, que o aeroporto precisa de todo o Plan Director, ampliar todo o contorno non só o do aeroporto, senón tamén de Cotogrande e todo aquel entronque que hai alí porque os traballadores do aeroporto saben que quen vai a Peinador se non vai de vivo vai de morto, porque aquel cruzamento é espeluznante.

Coido que todos os Grupos teñen que estar de acordo en que ese é un tema que hai que abordar. Estamos á espera de que a Dirección Xeral de Estradas nos poida recibir para poder falar da avenida do Aeroporto.

Tamén lle queremos agradecer á Deputación as ampliacións que fixo no aparcadoiro de Cotogrande que coido que non valen para nada porque ó final non teñen un bo acceso. Eu fun a Conxemar un día e tiveron que volver por non poderen aparcar. Todo iso precisa un tratamento global de toda a zona porque indubidablemente aquilo está moi mal.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintecinco membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constituén de feito e de dereito,
ACÓRDASE:

Aprobar a moción presentada polo voceiro do Grupo Municipal de Democracia Progresista Galega, Sr. Soto Ferreiro, sobre operatividade do Aeroporto de Peinador, co texto que figura nos antecedentes deste acordo.

11.-(281).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE DPG INSTANDO Á ALCALDÍA A REALIZAR XESTIÓNS COA ZONA FRANCA PARA PROCURAR SOLO A EMPRESAS QUE PRETENDAN INSTALARSE EN VIGO.

ANTECEDENTES.- Mediante escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 14 de outubro de 2004, o concelleiro do Grupo municipal de Democracia Progresista Galega, Sr. Alonso Vázquez, formula a seguinte moción:

“Coidamos que no novo PXOM non se contemplan os metros cadrados suficientes de solo industrial e mais de servizos pra cumprir a demanda que temos. Aínda estamos a tempo de que se recollan as propostas que fixemos no seu día pra crearmos máis solo industrial e se sumen ás feitas polos técnicos do PXOM.

Porque moitas industrias que se queren asentar en Vigo non atopan solo, co que sufrimos unha perda de implantacións industriais, ou sexa, unha perda ó mesmo tempo do binomio creación de riqueza-emprego.

Nalgúns casos as empresas sitúanse noutros lugares da nosa Área Metropolitana, co que o problema non é tan grave (¡mágoa dun Plan de Ordenación do Territorio Metropolitano!), pero noutras ocasións os asentamentos derivan cara outras partes, mesmo fóra de Galiza. E iso si que resulta un dano irreparábel.

Este pode se-lo caso das industrias do frío, xa que temos constancia de que empresarios concretos doutras Comunidades Autónomas desexarían instalar eiquí novos frigoríficos e non atopan solo industrial. E neste caso concreto estamos a falar de necesidades de 75.000 m2 de solo pra crear un mínimo de 270 postos de traballo directos.

Consonte co antedito propoñemos:

Que a Sra. Alcaldesa estableza negociacións coa Zona Franca para lles procurar solo ás empresa do frío que pretenden instalarse en Vigo."

DEBATE.- SR. ALONSO VÁZQUEZ: Hai poucos días rematou en Vigo a feira de Conxemar que aparentemente e segundo todas as cadeas de televisión local tivo un rotundo éxito pero o que ninguén mira logo dunha feira desta magnitude é o fracaso que hai detrás. Digo fracaso e digo ben porque é triste que empresas que logo de chegaren a Vigo e veren o que hai aquí se poñan en contacto con xentes, neste caso comigo que estou metido no mundo do mar, Confraría e outros estamentos e veñen pedir solo para instalar as súas empresas de frío aquí en Vigo. Concretamente logo da última feira temos propostas en firme de máis de 75.000 m2 para poñer empresas de frío na cidade.

Non lles vou contar o que é o porto de Vigo pero por se non o saben direilles que estamos a producir o 37% da pesca fresca de toda España e este é un tema moi serio. Estamos con máis de 1.600 empresas censadas no Berbés, entre o mundo do fresco e do conxelado temos 12.000 persoas traballando todos os días e é triste que veñan empresas que se queren instalar e non teñamos solo industrial.

O único que propoñemos é que a Sra. Alcaldesa negocie con Zona Franca para acadar ese terreo o máis axiña posible. Non terei ningún inconveniente para lle dar en privado o nome das empresas e da xente que se quere instalar aquí.

SR. FIGUEROA VILA: Para lle dicir ó Sr. Alonso que o Plan Xeral dará resposta a todas estas demandas que se están presentando, penso que por iso urxe e estamos xa na tramitación da aprobación inicial.

SR. TOBA GIRÓN: Efectivamente esa necesidade de solo industrial é moi evidente e non só para as empresas. Eu tamén fun sensible ó que me expresaron varias persoas na feira de Conxemar, pero sen necesidade da feira todos sabemos da necesidade de solo industrial en Vigo.

Nós imos votar a favor da súa moción sabendo e partindo de dous extremos que temos claros: está en marcha o Plan Xeral que efectivamente xa contempla certos desenvolvementos industriais na nosa cidade, e en segundo lugar está en trámites un convenio entre Zona Franca e o Concello que precisamente estipula a posta en marcha tanto da ampliación do Parque Tecnolóxico, que debe ter a famosa modificación puntual para a súa ampliación xa en trámite agora mesmo, como tamén está posto en marcha a que sería no propio convenio a xestión no seu momento do novo polígono industrial en Matamá-Valladares, iso xa está conveniado o que non quita que efectivamente a súa moción teña un punto de reincidencia e o que abonda non sobra nun tema tan importante coma este para que a Sra. Alcaldesa, en relación coa Zona Franca, busque a fórmula para ir adiantando a realización dese convenio.

Sen dúbida sería mellor que no momento en que tiveramos aprobado o Plan Xeral o convenio asinado no seu día entre Zona Franca e o Concello dera lugar a que o novo polígono industrial de Matamá-Valladares -por poñer un exemplo- tivera xa incluída a ordenación detallada e iso facultaría para que o plan parcial de desenvolvemento fora o máis áxil posible e mesmo as declaracións necesarias de prevalencia para acometer a xestión dos terreos que son completamente necesarios.

Por outra banda que a Sra. Alcaldesa lembre que hai outro organismo (este dependente da Xunta de Galiza que é Xestur que tamén desenvolve ese tipo de actividade) co que no seu momento se negociara un convenio para o desenvolvemento do plan parcial da Garrida que por certo era o único solo industrial que estaba contemplado naquel -voulle chamar- Plan Galiza do ano 2003. O único compromiso naquel Plan Galiza con Vigo era ese plan parcial e as miñas novas é que Xestur está abandonando por completo a xestión dese polígono.

En Vigo non sobra ningún metro cadrado de solo industrial e polo tanto nós lle imos votar a moción entendendo que se poden ir axilizando trámites, que

é o que eu entendo da súa moción coma importante, pero ademais aproveitamos para lle expresar, Sra. Alcaldesa, a nosa preocupación polo aparente desentendemento de Xestur que é outro organismo que tamén ten que realizar traballos en Vigo e que por certo xamais puxo en marcha ningún polígono industrial nesta cidade, púxoos en mil sitios en toda Galiza, e por certo polígonos industriais que teñen unha vida -digamos- feble, sen embargo non na nosa zona, en Vigo e os seus arredores que é onde maior desenvolvemento industrial se está pulando en toda Galiza.

Sinceiramente, non estamos satisfeitos de que Xestur non cumpra os seus compromisos asinados no seu momento que ademais estaban referidos no Plan Galiza, nin estamos en absoluto satisfeitos coa xestión de Xestur da Plataforma loxística de Salvaterra-As Neves que é claramente deficiente, e estou falando da xestión non da plataforma que son 4 millóns e medio de metros cadrados que sería realmente unha alternativa moi importante para as actividades portuarias. En todo caso hai que esixir ese compromiso da Xunta de Galiza.

Pero deixando esta intervención para a acta, ímoslle votar a favor da moción.

SRA. GRAÑA BARCIA: Cuestión de orde. Entendimos que o acordo que se acadara en Xunta de Voceiros era no sentido de que se se ia producir unha votación a favor dunha moción presentada non se producirían intervencións. Non temos ningún inconveniente en que o acordo se modifique pero entón quizais fose conveniente que se clarificara e poidéramos actuar todos do mesmo xeito.

SR. FIGUEROA VILA: Na Xunta de Voceiros hai un acordo verbal de que todos tentariamos seren breves sen limitacións de tempo nin recortamentos, porque a vontade do Goberno non é coartar a liberdade de expresión nin de exposición que se poida amosar nos Plenos.

Tentaremos que este Pleno sirva de mostra e logo faremos unha valoración de se actuamos ou non correctamente; avaliáremonos nós mesmos.

SRA. GRAÑA BARCIA: Obviamos por tanto o acordo correspondente de que non se produzan intervencións cando haxa votacións a favor.

SR. FIGUEROA VILA: Nós estamos facendo as intervencións brevísimas, Sra. Graña, esperamos que todos os Grupos fagan o mesmo.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constituén de feito e de dereito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción presentada polo Concelleiro do Grupo municipal de Democracia Progresista Galega, Sr. Alonso Vázquez, sobre realizar xestións coa Zona Franca para procurar solo a empresas que pretendan instalarse en Vigo, co texto que figura nos antecedentes deste acordo.

12.-(282).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE O PECHE Ó TRÁFICO OS DOMINGOS E FESTIVOS DO CONTORNO DA PRAZA DE COMPOSTELA.

ANTECEDENTES.- Mediante escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 8 de outubro de 2004, o concelleiro do Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, Sr. Domínguez Olveira, formula a seguinte moción:

"Como ben é sabido, non son moitos os espazos que a cidadanía ten para pasear, disfrutar da natureza ou sinxelamente para se atopar e falar. Na nosa cidade segue aínda tendo unha clara preminencia o vehículo sobre a persoa e os ruídos sobre o medio ambiente.

Noutras épocas no Concello realizáronse con notábel éxito experiencias de acotar zonas da cidade en determinados momentos para as facer exclusivamente peonís (Praza da Independencia e Calvario os domingos). Con motivo da celebración do "Día sen coches" comprobouse tamén que acotar o contorno da Praza de Compostela non supón moitos atrancos a pesares de que se realizou nun día de semana e pola tarde.

Ademais, tal e como se consensuou por todos os grupos políticos da Corporación, dentro duns meses empezarán as obras de humanización de todo ese contorno e que teñen por obxecto facer unha zona máis habitábel e de máis uso por parte dos peóns. Por iso sería aconsellábel que se iniciaran pequenas experiencias de peonalización do contorno da Alameda os domingos pola mañá co fin de que os máis novos e novas e todas as persoas en xeral poidan disfrutar dese espazo tan emblemático no centro de Vigo. Esta peonalización poderíase ver complementada coa recuperación dos concertos de bandas ou actuacións de grupos folclóricos que tanto éxito de público tiveron noutras ocasións.

Por todo o exposto propoñemos á Corporación municipal o seguinte acordo:

1.- Que os domingos pola mañá, dende as 10 horas ata as 15 horas, se peche ao tráfico o contorno da Alameda, deixando unicamente para o tráfico os accesos por Carral e Colón para que se poida acceder aos distintos aparcadoiros públicos.

2.- Que se retome a idea de organizar actuacións de bandas de música e grupos para amenizar este contorno."

S.Ordinaria 25.10.04

DEBATE.- SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Vou tentar aprobar nesa autoavaliación da que falaba o Sr. Figueroa e por iso vou ser tremendamente breve.

Sinxelamente quero indicar que na procura de buscar espazos para o cidadán, lugares de encontro na nosa cidade que por desgracia non son moitos e ademais atendendo a que neste Concello xa no anterior Goberno e noutros tomáronse medidas tendentes precisamente a que os nosos cidadáns poideran ter espazos de lecer, quero lembrar as iniciativas que se tomaron na Praza da Independencia cando se pechaba ó tráfico os domingos, o mesmo que se fixo no Calvario antes da súa humanización definitiva e ademais comprobouse que facéndoo en domingos e festivos, por unha banda non afecta practicamente nada ó tráfico por seren días de moi baixa rodadura e por outra banda que si motiva e incentiva á cidadanía a pasear e atoparse.

Hai poucos días tamén houbo experiencias cando se pechou todo o contorno da alameda ó tráfico co gallo do "Día sen coches" e ademais tamén se fixo un día pola semana e, que nós teñamos novas, iso non supuxo un lío tremendo para o tráfico.

Polo tanto a nosa moción vai na liña de que os domingos e fetivos se peche ó tráfico todo o contorno da Alameda para que os cidadáns poidan facer uso dela sen ter que sortear ningún tipo de vehículo e que ademais se complemente isto con medidas que xa se tomaron noutras ocasións coma recuperar as actuacións das bandas de música que tanto éxito tiñan, así como grupos folclóricos e demais.

Todo o que sexa potenciar lugares de encontro e revitalizar toda esa zona que pertence ó Casco Vello, ó centro de Vigo, seméllanos iniciativas que debemos poñer en marcha.

SR. ALONSO VÁZQUEZ: Ó meu pesar voulle ter que dicir que non estou moito de acordo e dígoo así de claro porque entendo que a zona é unha das saídas que ten Vigo hoxe por hoxe e aí está a entrada da autoestrada. Tal e como temos levantada a cidade, tal como está todo, aínda que a moción que fai vostede ten moito sentido e está ben, eu coido neste momento que non é viable porque lle estamos cortando unha vena de saída e de entrada máis á cidade. Por aí sae e entra moita xente mesmo os domingos e festivos.

Sinceiramente penso que a cousa está ben pero cando sexa a votación eu retirareime porque non estou de acordo coa moción.

SR. COELLO BUFILL: Sr. Domínguez, nós tentaríamos buscar algún tipo de alternativa para que ó mellor se poideran usar as bicicletas, pero teña vostede en conta que proximamente se van licitar as obras de Vigo-2005 co que imos ter todo o contorno da Praza de Compostela nunha situación xa comprometida para o tráfico.

En segundo lugar, temos a moi poucos metros o que é unha das zonas de lecer máis expansivas da cidade no bordo litoral, no paseo de Montero Ríos onde hai moitísimos servizos que dan satisfacción a todos os vigueses que queiran pasear por alí.

Loxicamente nese proxecto de Vigo-2005, remítome a antecedentes próximos, hai xa un consenso en canto ó que queremos facer nesa zona: tráfico sosegado, aquedado, lento ou tráfico a limitación vinte coma din os especialistas e os técnicos.

É o que eu lle podo contestar en canto ó punto primeiro e o punto segundo defenderao o Sr. López Chaves.

SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: Este Goberno municipal xa recuperou os concertos do contorno da Alameda e foron 9 dende o mes de abril ata finais do mes de xuño, realizáronse ademais na zona de Montero Ríos porque así o elixiron as bandas coidando que era o lugar máis axeitado.

Os concertos foron un éxito e esperamos que o ano que ven se poidan repetir de acordo co convenio coas bandas de música.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Sr. Alonso, hai que ler as mocións porque eu deixo formulado claramente que cando falo de peonalización do contorno da Alameda falo xusto da Alameda, non falo nin de Colón, nin de Carral que son as saídas e loxicamente a un tampouco se lle ocorre. Non sei se dende a Alameda hai unha saída cara á autoestrada, ó mellor e eu non a coñezo pero pode ser que non me dera conta dela.

Sinxelamente dicir, Sr. Coello, que nisto de recuperar espazos para o cidadán hai que seren valientes e hai que tirar cara adiante cando realmente así o pensamos, de feito así pasou historicamente noutros sitios e ó final demostrouse que a cidadanía o que quere é precisamente ter espazos para iso.

Un domingo pola mañá no contorno da Alameda non afecta absolutamente a ninguén que iso se peatonalice porque eu antes de presentar unha moción preocúpome de comprobar cousas e calquera que poida estar un domingo pola mañá nese contorno pode contar cos dedos dunha man os coches que pasan por

alí. Alí fixéronse probas de atletismo un domingo e outra serie de cousas que realmente non afectaron absolutamente a ninguén, é máis, potenciaron e motivaron que esa zona fora en crecemento.

Todo o demais son pequenas desculpas coma por exemplo o das obras do 2005, porque efectivamente se van iniciar e precisamente o digo na miña moción que se imos iniciar dentro duns meses unhas obras coas que imos pretender recuperar espazos e humanizar, poñamos en práctica esta medida. Pode ocorrer que debido ás obras un domingo ou un festivo non se poida peatonalizar, pois eu non estou dicindo que se faga algo que quede sen ningún tipo de posibilidades de seren reversible; digo que é unha mágoa non empezar xa a peatonalizar e dende xa ese contorno da Alameda para lles ofrecer ós cidadáns un servizo e un espazo de encontro máis na cidade.

SR. COELLO BUFILL: Poderíamos buscar unha alternativa que sería a de peatonalizar dende a parte baixa ou inferior, é dicir, Luis Taboada e deixar aberta a zona da parte superior da Alameda, se a vostede lle parece ben.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: A min paréceme ben chegar a un acordo porque con este plante xa non ten sentido ningún, ou peatonalizamos ou a xente pode andar pola estrada en Luis Taboada e logo ten que se subir á beirarrúa cando chegue á parte de enriba. Con todos os respectos, non ten sentido ningún o que vostede propón.

SR. COELLO BUFILL: Non, deixando só o central.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Pero deixando o central é o que agora está máis ou menos.

A moción está moi clara, pide que en todo o contorno da Alameda non poidan pasar coches os domingos e festivos, agás casos que coido que mesmo non hai ningún de residentes como se fai noutras zonas e coma se fixo na Praza da Independencia e no Calvario e non hai ningún problema nesas zonas.

En todo caso estou disposto a admitir que se poña en marcha xa e que haxa durante 3 ou 4 domingos un estudo, que nolo traian aquí e se por ese estudo feito demostrase que é inviable, retirámolo se lle parece a vostede ben, pero que se poña en marcha xa.

SR. COELLO BUFILL: Estamos de acordo Sr. Domínguez.

Durante o transcurso do debate e como consecuencia da intervención do Sr. Coello Bufill, o Sr. Domínguez Olveira admite que se inclúa o parágrafo terceiro que se contén na parte dispositiva deste acordo.

(No momento da votación están ausentes os señores Alonso Vázquez e Toba Girón)

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintecatros membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constituén de feito e de dereito, acórdase:

Primeiro.- Que os domingos pola mañá, dende as 10 horas ata as 15 horas, se peche ao tráfico o contorno da Alameda, deixando unicamente para o tráfico os accesos por Carral e Colón para que se poida acceder aos distintos aparcadoiros públicos.

Segundo.- Que se retome a idea de organizar actuacións de bandas de música e grupos para amenizar este contorno.

Terceiro.- Que as anteriores medidas se poñan en marcha o máis axiña posible e que se realice un estudo durante 3 ou 4 domingos para presentar ó Pleno da Corporación por mor de coñecer se as anteriores medidas son ou non viables.

13.-(283).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE POLÍTICA DE REESTRUCTURACIÓN NAVAL.

ANTECEDENTES.- Mediante escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 6 de outubro de 2004, a concelleira do Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, Sra. Fernández Davila, formula a seguinte moción:

"A política de reestruturación naval aplicada globalmente en Galiza nas décadas dos oitenta e dos noventa supuxo, entre outras cuestións, a perda de máis de 11.000 empregos directos -no caso da Comarca de Ferrolterra-. Hoxe enfrontámonos a un novo intento de diminución drástica do sector naval público, que pode ter unha incidencia especial nos centros galegos -IZAR-Fene e IZAR-Ferrol-, debido á ameaza de existencia do primeiro e á pretendida limitación da actividade productiva á militar, no canto de diversificar a produción.

Máis unha vez Galiza paga unha parte desproporcionada das medidas de reestruturación do sector naval público no conxunto do Estado.

O naval constitúe un sector estratéxico para a economía galega, sendo un dos de meirande intensidade tecnolóxica e capacidade exportadora.

Ocorre que, desde fins dos anos oitenta o sector, a nivel mundial, atravesa un ciclo de auxe, alcanzándose no ano 2003 o nivel máximo de demanda e produción. Porén, como consecuencia da política de reestruturación aplicada no sector, acordada entre o Goberno Central e a Comisión Europea, o Estado Español, e moi especialmente Galiza, reduciron a súa cota de participación no mercado das novas construcións. Se a produción mundial civil no ano 2003 foi de 24,3 millóns de toneladas compensadas (TBCs), das que 5 millóns foi produción europea, a capacidade do sector público español foi unicamente de 191.500 TBCs, da que os centros galegos non participan en absoluto, por simples decisións políticas de redistribución da produción fóra do noso país.

É evidente, tamén, que os planos de reestruturación so perseguiron reducir os cadros de persoal e a capacidade de produción sen considerar como obxectivo fundamental a adopción das medidas de política industrial, financeira e, en xeral, empresariais, tal como practican outros Estados europeos, para mellorar a súa posición e garantir o seu futuro e o emprego, dada a grande incidencia deste sector noutros produtores de bens e servizos de alta tecnoloxía.

Acontece que nin a Administración do Estado, nin a 'Sociedad Estatal de Participaciones Industriales' (SEPI) buscan as solucións para resolver a situación da construción naval pública galega, discriminada nos últimos 20 anos, en termos de perda de emprego e de prohibición de desenvolvemento da construción naval mercante, onde alcanzara as máximas cotas a nivel mundial. Porén, malia o devandito, os centros galegos de IZAR localizados na ría de Ferrol, teñen aínda unha enorme importancia industrial e social non só no ámbito comarcal senón tamén no galego, de maneira que non se pode tolerar 'experimento' ningún que volva a pór en perigo o sector e os postos de traballo, tanto directos como indirectos, así como a súa capacidade industrial e a súa incidencia na importante industria auxiliar complementaria.

Ademais, estas instalacións e os/as traballadores/as teñen garantías de futuro e expansión sempre que se adopten as medidas empresariais precisas. Cómpre, pois, dar un tratamento integral á industria pública na ría de Ferrol (Grupo IZAR) coa consolidación e potenciación das capacidades produtivas da industria principal e da auxiliar, abordando as medidas necesarias para competir nas actividades de construción de buques mercantes, buques militares, artefactos off-shore, reparacións civís e militares, grandes transformacións, fabricación de bens de equipo, turbinas e aero-xeradores, enxeñería e deseño de produtos innovadores neses mercados.

Polo exposto, o Grupo Municipal do BNG, solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte acordo

1.- A retirada do acordo do Consello de Ministros de xullo de 2004 relativo á creación dunha nova empresa do sector naval público, medio fundamental para levar a cabo a reestruturación.

2.- A elaboración polo Goberno Central dun Plan Industrial, negociado coas Centrais Sindicais e coas Comunidades Autónomas afectadas, nomeadamente coa Xunta de Galiza, para garantir a viabilidade da empresa e dos seus centros produtivos, tendo como obxectivos:

1. Manter a súa capacidade productiva, o seu cadro de persoal, todos os centros da empresa e o seu carácter dual: civil e militar.
2. Avivar a actividade comercial na procura de suficiente carga de traballo para todos os centros produtivos de IZAR, nomeadamente para IZAR-Fene.
3. Aplicar unha correcta xestión empresarial e adoptar as medidas financeiras, de investimento, productivas que permitan mellorar a produtividade e competitividade.
4. Elaborar propostas de diversificación industrial.
5. Cumprir o Plan de Galiza no relativo á volta de IZAR-Fene á construción naval mercante, co mantemento e expansión da actividade Off-shore.
6. Conformar un complexo integral da construción naval na ría de Ferrol, constituído por IZAR-Fene e IZAR-Ferrol, para abordar todas as actividades de construción naval civil e militar, sen prohibicións.
7. Posibilitar a participación plena e determinante das CCAAs afectadas, en particular da Xunta de Galiza, esixindo a súa inclusión no Consello de Administración de IZAR, dada a importancia dos centros galegos no conxunto da empresa.

3.- O recurso xudicial dos expedientes comunitarios abertos sobre axudas aos astaleiros públicos e negociar, no seu caso, a devolución ou condonación da considerada contraria á libre competencia.

4.- Negociar coa Comisión europea a aceptación dunha etapa transitoria, na que sexan posibles as axudas á construción naval que permitan competir en condicións de igualdade aos astaleiros do Estado español e da UE.

Dar conta deste acordo ao Presidente do Goberno Español, ao Ministro de Economía e Facenda, e ao Ministro de Industria.

5.- Dar conta, así mesmo do acordo, ao Presidente da Xunta de Galiza."

DEBATE.- SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: Todos sabemos que o sector naval é precisamente un dos sectores estratéxicos na economía galega, pero a política de reestructuración que se levou a cabo durante a década dos 80 e 90 converteu que en comarcas coma a de Ferrolterra se perdesen 11.000 empregos directos.

Nestes intreos a nivel estatal estamos nun novo proceso de reestructuración por un acordo entre o Estado español e a Comisión Europea. Con este acordo converteuse que se reducise a participación do Estado español en canto ás construcións navais e Galiza coma sempre sae perdendo no conxunto do Estado porque nin a Administración estatal, nin a SEPI están dando solucións á perda de empregos que se está a dar nos últimos 20 anos malia que IZAR, que está localizada na comarca de Ferrolterra, teña unha grande importancia tanto industrial coma social. Ademais estas instalacións

demonstraron que se se fan as cousas coma se debería teñen futuro e resolverían o problema de paro que se está a dar actualmente nesta comarca. É por iso que solicitamos desta Corporación a adopción dos seguintes acordos:

"A retirada do acordo do Consello de Ministros de xullo de 2004 relativo á creación dunha nova empresa do sector naval público, medio fundamental para levar a cabo a reestructuración.

A elaboración por parte do Goberno central dun plan industrial negociado coas centrais sindicais e coas Comunidades Autónomas afectadas, principalmente coa Xunta.

Tamén solicitamos que se negocie coa Unión Europea a aceptación dunha etapa transitoria na que sexan posibles as axudas á construción naval.

Solicitamos que se dea conta do acordo acadado por esta Corporación ó Presidente do Goberno español, ó Ministro de Economía e Facenda e ó Presidente da Xunta de Galiza. Moitas grazas.

SRA. GRAÑA BARCIA: Compartimos a pretensión desta moción entendendo que a mesma é o mantemento dos postos de traballo e dende logo a viabilidade económica da empresa, pero estimamos que a proposta, tal e coma está o contido do acordo, lévanos case que a ocupar o espazo dos negociadores e por tanto coidamos que se debería engadir unha emenda no sentido de que todo o anterior se faga coa cautela de non contradicir os acordos ós que se chegue na negociación que actualmente se está levando a cabo entre o Goberno central e os sindicatos.

Se a emenda fose aceptada votariamos a favor desta moción; no caso de que non fose así anticipamos a nosa abstención.

SR. SOTO FERREIRO: Estando totalmente de acordo co fondo da moción ás veces hai cousas que firen. Con respecto a ese primeiro punto coido que se quere facer unha negociación "en positivo" que é resolver o fondo dun problema gravísimo e eu quero axudar a resolvelo (se sei e podo), pero dende logo xamais o tentaría facer poñendo de xeonllos a un Goberno. O primeiro punto é poñer de xeonllos a un Goberno que non é o mesmo que o mandar a unha negociación coma dicía a Sra. Graña.

Polo tanto eu non estou disposto a votar mocións que en temas de tanta gravidade fagamos moito fume para fóra pero realmente non axudemos e non deamos pasos cara á solución do problema de fondo. Eu quero solucionar e nesa solución de fondo do problema estou no 100% de acordo co sentimento da

súa moción, pero hai formas que ás veces axudan e outras prexudican. Pídlles polo tanto que se poñan na sintonía de axudar e nese sentido coido que o que dixo a Sra. Graña é impecable.

Se o que dicimos é que sindicatos e Goberno teñen que solucionar o problema vía negociación eu non tería nada máis que engadir, e dende logo esa emenda seméllame oportuna e soluciona parte do problema mental que eu tiña con respecto á súa moción. Se é así dende logo que tamén votaría a favor.

SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: Sra. Presidenta, aceptamos a emenda da Sra. Graña sempre que en vez de dicir "con cautela" poña "respectando as negociacións".

A PRESIDENCIA: Acéptase por parte da Sra. Graña.

SR. FIGUEROA VILA: O Goberno vai votar a favor por todos os argumentos que se acaban de expoñer e que nós apoiamos.

Durante o transcurso do debate e como consecuencia da intervención da Sra. Graña Barcia, a Sra. Méndez Piñeiro, poñente desta moción, accede a que se lle engada un punto á anterior proposta co seguinte texto: "Que o acordado na presente moción se leve a cabo respectando a actual negociación entre o Goberno central e os sindicatos."

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos vintecinco membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constituén de feito e de dereito, acórdase:

Primeiro.- Solicitar a retirada do acordo do Consello de Ministros de xullo de 2004 relativo á creación dunha nova empresa do sector naval público, medio fundamental para levar a cabo a reestructuración.

Segundo.- Solicitar a elaboración polo Goberno Central dun Plan Industrial, negociado coas Centrais Sindicais e coas Comunidades Autónomas afectadas, nomeadamente coa Xunta de Galiza, para garantir a viabilidade da empresa e dos seus centros produtivos, tendo como obxectivos:

- a) Manter a súa capacidade productiva, o seu cadro de persoal, todos os centros da empresa e o seu carácter dual: civil e militar.
- b) Avivar a actividade comercial na procura de suficiente carga de traballo para todos os centros produtivos de IZAR, nomeadamente para IZAR-Fene.

- c) Aplicar unha correcta xestión empresarial e adoptar as medidas financeiras, de investimento, productivas que permitan mellorar a produtividade e competitividade.
- d) Elaborar propostas de diversificación industrial.
- e) Cumprir o Plan de Galiza no relativo á volta de IZAR-Fene á construción naval mercante, co mantemento e expansión da actividade Off-shore.
- f) Conformar un complexo integral da construción naval na ría de Ferrol, constituído por IZAR-Fene e IZAR-Ferrol, para abordar todas as actividades de construción naval civil e militar, sen prohibicións.
- g) Posibilitar a participación plena e determinante das CCAAs afectadas, en particular da Xunta de Galiza, esixindo a súa inclusión no Consello de Administración de IZAR, dada a importancia dos centros galegos no conxunto da empresa.

Terceiro.- Solicitar o recurso xudicial dos expedientes comunitarios abertos sobre axudas aos astaleiros públicos e negociar, no seu caso, a devolución ou condonación da considerada contraria á libre competencia.

Cuarta.- Solicitar que se negocie coa Comisión europea a aceptación dunha etapa transitoria, na que sexan posibles as axudas á construción naval que permitan competir en condicións de igualdade aos astaleiros do Estado español e da UE.

Quinta.- Dar conta deste acordo ao Presidente do Goberno Español, ao Ministro de Economía e Facenda, e ao Ministro de Industria.

Sexta.- Dar conta, así mesmo do acordo, ao Presidente da Xunta de Galiza.

Sétima.- Que o acordado na presente moción se leve a cabo respectando a actual negociación entre o Goberno central e os sindicatos.

14.-(284).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE ENCARGAR ÓS SERVIZOS TÉCNICOS DO CONCELLO A REDACCIÓN DO TEXTO BASE DA FUTURA ORDENANZA MUNICIPAL PARA A XESTIÓN LOCAL DA ENERXÍA DE VIGO.

ANTECEDENTES.- Mediante escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 15 de outubro de 2004, o Concelleiro do Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, Sr. Fernández Fernández, formula a seguinte moción:

"A consolidación da Axencia Local de Enerxía de Vigo ben merece o esforzo de todos, máximo cando os que temos responsabilidades públicas e cremos nas enerxías alternativas fixemos antes, e queremos seguir facendo, que na nosa cidade as mesmas sexan un referente dentro das prioridades das administracións públicas.

Na Corporación anterior, de cuxo Goberno tiven a honra de ser Concelleiro de Medio Ambiente, fixemos diversas instalacións tanto de enerxía solar térmica de baixa temperatura para auga quente sanitaria (edificio do Concello, Vigozoo, etc.,) como fotovoltaica (Sistema de megafonía nos areas do Vao, Samil, Cíes e Estación Meteorolóxica do Concello), así como xornadas de divulgación das enerxías limpas.

O cumprimento dos compromisos do Cumio de Kioto, así como o de promover xunto á contención e o aforro da demanda enerxética, a diversificación, a seguridade do abastecemento, a boa xestión da enerxía a nivel local, o cumprimento dos obxectivos da Unión Europea de producir un 12% da enerxía a consumir de fontes renovábeis antes do ano 2010, unido á máxima eficiencia, a acertada utilización e xestión dos recursos enerxéticos (caros e escasos) polo Concello propiciará entre os usuarios unha maior conciencia respecto á necesidade de consumir axeitadamente e de escoller a enerxía oportuna en cada caso, tanto dende o punto económico como ambiental, cara a satisfacer as súas necesidades.

Actualmente cos fondos europeos estamos a iniciar a Axenda 21 Local, polo que ben merce que aprobemos a seguinte PROPOSTA:

- 1.- Encargar aos servizos técnicos do Concello a redacción do texto base da futura Ordenanza Municipal para a Xestión Local da enerxía de Vigo.
- 2.- Continuar implantando sistemas de enerxía renovábel nas instalacións do Concello, organismos autónomos ou nos que teña participación.
- 3.- Potenciar, esixir e determinar a implantación a nivel local o uso de enerxías renovábeis".

DEBATE.- SR. FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Realmente esta moción ven continuar a política que se fixo no Goberno anterior de tentar dotar á nosa cidade, como non pode ser doutro xeito, para seren pioneira e punteira en todas as iniciativas que redunden no beneficio dos cidadáns.

Recentemente fíxose un congreso extraordinario na nosa cidade sobre estas enerxías alternativas onde todos chegamos á mesma conclusión de que vivimos nunha cidade que non só é marabillosa senón que ten un clima extraordinario, é dicir, estamos en igualdade de horas de sol ca Murcia, por poñer un exemplo, moita xente non o pode crer. Eu podo falar por experiencia persoal posto que teño enerxías alternativas no meu domicilio e sei a rendabilidade.

Á parte de facer posible que a nosa cidade teña unha Axencia local de enerxía que recentemente vostedes puxeron o servizo en marcha e somos das

poucas cidades que a teñen, coidamos que hai que ir máis aló e comezar a dar pasos para que se comprenda a necesidade de aforrar e facer un mundo máis vivible e niso teñen que tomar a iniciativa política os gobernos e as corporacións e facer que os reticentes tomen a obriga de facer cousas para o benestar de todos.

A proposta que lles facemos é bastante clara: Que lles encarguemos ós servizos técnicos do Concello a redacción dun texto base, que se negociará e se levará a consenso con todas as organizacións pertinentes, dunha futura ordenanza municipal para a xestión da enerxía en Vigo. Iso é bastante importante porque é para aforrar.

O segundo punto é: Continuar implantando sistemas de enerxías renovables nas instalacións do Concello e organismos autónomos nos que teñamos participación. Digo isto porque deben ser sempre as administracións as que dean exemplo.

O terceiro punto: Potenciar e esixir a implantación a nivel local do uso de enerxías renovables.

Coido que con isto lles daríamos exemplo ó resto dos cidadáns facendo nós primeiro o que logo lles imos esixir dalgún xeito a eles.

SR. ALONSO VÁZQUEZ: Por suposto que nós imos votar que si a esta moción, como non podía ser doutro xeito e aplaudir dende aquí as iniciativas do Sr. Fernández que cada vez me sorprende máis gratamente, vexo que é un home que saca unhas cousas que teñen moitísimo sentido e daí teríamos moitos que sacar exemplo.

SR. IGLESIAS CARRERA: Dicir que estou plenamente de acordo co Sr. Fernández e el xa o sabe porque falamos moitas veces e tamén con don Henrique Viéitez quen xa estaba moi interesado nestas actividades.

Isto non é máis que a continuidade do que eles empezaron, a Axencia de Enerxía xa é unha fundación, ten o seu director a xa hai contactos con institucións de Vigo para empezar a instalar tanto paneis de enerxía solar coma fotovoltaica. Coa Universidade e co Porto xa estamos en conversas.

(No momento da votación está ausente a Sra. Graña Barcia)

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintecinco membros presentes da Corporación, dos vinte sete que a constituén de feito e de dereito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción presentada polo Concelleiro do Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, Sr. Fernández Fernández, sobre encargar ós servizos técnicos do Concello a redacción do texto base da futura ordenanza municipal para a xestión local da enerxía de Vigo, co texto que figura nos antecedentes deste acordo.

15.-(285).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE DIRIXIRSE Á CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE PARA A CONSTRUCCIÓN DUN PUNTO LIMPO EN VIGO.

ANTECEDENTES.- Mediante escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 15 de outubro de 2004, o Concelleiro do Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, Sr. Fernández Fernández, formula a seguinte moción:

“Tendo asegurado por concesión o servizo público de recollida e transporte de residuos sólidos urbanos, tanto os reciclábeis como os non reciclábeis, e carecendo a nosa cidade dos denominados “Puntos Limpos”, faise necesario reclamar o compromiso que a Consellería de Medio Ambiente ten para a súa construción no vindeiro ano 2005.

Asemade, a actual concesionaria do servizo público de recollida e transporte de residuos sólidos urbanos, limpeza urbana e de praias, ten sen poñer en servizo o PUNTO LIMPO MÓBIL e a posíbel e necesaria recollida separada da fracción orgánica dos RSU, que rebaixe así ó máximo posíbel o total de toneladas que xeramos en Vigo, facéndonos cumprir as directivas comunitarias que así nolo impoñen. Por todo o exposto propoño os seguintes acordos:

- 1.- Instar á Sra. Alcaldesa a esixir o compromiso á Consellería de Medio Ambiente para a construción dun PUNTO LIMPO EN VIGO.
- 2.- Facer cumprir o contrato integramente á actual concesionaria do servizo de limpeza.
- 3.- Informar periodicamente aos grupos que conforman a Corporación dos acordos 1 e 2 da presente moción.”

DEBATE.- SR. FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Esta petición non é máis que para dotar á nosa cidade deste instrumento e coido que estamos facendo un moi bo labor cos servizos que se adxudicaron recentemente para o tema dos residuos, que se poden recuperar porque aquí o importante está en non tirar o que é recuperable e darlle as maiores facilidades ós cidadáns que queiran colaborar porque se non é imposible a reciclaxe.

Hai un prego de condicións dunha empresa que ten unhas obrigas e hai unha posibilidade de que a Consellería de Medio Ambiente implante na nosa cidade

un "punto limpo" onde os cidadáns conscientes poidan levar certos produtos coma tubos fluorescentes e demais.

Sabemos que hai unha recollida de enseres que os cidadáns poden solicitar mediante petición telefónica pero iso non é suficiente. Coido que nesta sociedade hai moita xente que vai moi por diante no tema de ser consciente e responsabilizarse de facer o seu traballo persoal e hai que lle dar a oportunidade e así o faremos se temos un ou dous "puntos limpos", ou os que o Goberno municipal coide necesarios e digo un porque hai que empezar por algo. O que está claro é que é necesario dotar á cidade de alomenos un "punto limpo" onde o bo ou boa cidadana poida depositar o que considere que debe.

Por iso a proposta é bastante asumible e queda así: "Instar á señora Alcaldesa a esixir o compromiso da Consellería do Medio Ambiente para a constitución dun Punto Limpo en Vigo (pódolles afirmar que estaba negociado para este ano) e facer cumprir o contrato integramente á actual concesionaria do servizo de limpeza. Informar periodicamente ós grupos que conforman a Corporación dos acordos 1 e 2 da presente moción".

O único que queremos é estar informados e axudar para que esta cidade teña as maiores posibilidades de seren exemplo para o resto da nosa terra.

SR. FIGUEROA VILA: Ímoslle votar a favor da moción e informarlle sobre o primeiro punto que as xestións que xa anteriormente se iniciaran retomoumas a Sra. Alcaldesa e xa se lle facilitou a documentación e pasóuselle esa demanda á Consellería de Medio Ambiente.

Sobre o punto 2 dicirlle que a concesionaria ten a obriga de instalar un "Punto limpo" nunha zona da cidade, hai un compromiso e hai uns terreos pero había un pequeno rexeitamento social dos veciños e estamos en conversas con eles para ver se coa vontade e o consenso de todos somos quen de resolver este tema. Eu coido que nos vindeiros meses se chegará a un acordo.

Iso é o que lle podo dicir e vostede coñéceo xa perfectamente.

SRA. SÍO LOURIDO: Penso que nesta moción, que si é para aplaudir Sr. Fernández, hai varias cuestións importantes. Por exemplo, no punto 2 dise: "Facer cumprir o contrato integralmente da actual concesionaria do servizo de limpeza". Coido que hai pouco se creou unha Comisión do control de concesionarias que se vai encargar destes temas.

No terceiro puntoponse: "Informar periodicamente ós grupos que conforman a Corporación dos acordos 1 e 2 da presente moción".

Se xa se creou unha comisión de control das concesionarias e trátase de informar ós Grupos municipais do que fan as concesionarias, ista en concreto e as outras concesionarias, o nos Grupo cre que é importante, e se o Sr. Fernández así considera, presentarlle unha emenda ó terceiro punto que sería: "Pedir que un representante dos Grupos municipais forme parte da Comisión de control das concesionarias", porque no seu caso sería que esta Comisión informase ós Grupos municipais periodicamente, incluíndo o servizo de limpeza, pero sería de rigor que un representante dos Grupos municipais formase parte da Comisión de control das concesionarias.

SR. FIGUEROA VILA: Nós entendemos á comisión de control das concesionarias coma unha comisión puramente técnica, evidentemente logo esa comisión á súa vez dará conta ós Grupos políticos, nese sentido non temos problema. Pero dicir que a idea que temos é que esa Comisión sexa única e exclusivamente técnica e a partir daí que elabore os informes correspondentes e que os traslade ós Grupos políticos a través de Pleno, comisión que se queira crear ós efectos, ou a propia Comisión informativa de Servizos Xerais que hai no Concello. Coido que esa é a idea que temos e nós estaríamos dispostos a apoiar esa proposta se fose nesa dirección.

SR. SOTO FERREIRO: Con moita brevidade por moitas razóns, porque así o acordamos e porque neste caso me convén seren moi breve.

Apoio absolutamente a entrada de políticos na Comisión porque así estou convencido (dende logo no que atinxe ó noso Grupo, seguro) de que a vixilancia vai seren máis efectiva. Non vou entrar máis aló.

SR. FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Estamos a falar dunha comisión técnica que é a importante para que o Goberno poida facer ese control e logo hai unha Comisión paralela na que os políticos temos que seren informados.

Eu realmente o que digo é que se faga o control nesa Comisión que xa existe, coido que todos compartimos a representatividade que temos coma Corporación dentro dos temas que afectan á nosa cidade, polo tanto efectivamente a petición é a de ter o informe e que se cumpran os pregos de condicións.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constituén de feito e de dereito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción presentada polo concelleiro do Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, Sr. Fernández Fernández, sobre dirixirse á Consellería de Medio Ambiente para a construción dun punto limpo en Vigo, co texto que figura nos antecedentes deste acordo.

16.-(286).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE A ELABORACIÓN DE ANTEPROXECTOS DE OBRAS DE REURBANIZACIÓN DE DISTINTOS TRAMOS E VIAIS NO CASCO URBANO DE VIGO.

ANTECEDENTES.- Mediante escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 13 de outubro de 2004, o Concelleiro do Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, Sr. Fernández Fernández, formula a seguinte moción:

“Existen na nosa cidade unha serie de viais de titularidade autonómica que, inicialmente de características interurbanas, son hoxe elemento esencial da urbanización propiamente urbana de Vigo, e que demandan unha atención rápida e eficiente dos problemas.

Así acontece na Avda de Galiza (Entre a Avda. de Buenos Aires e o Parque de A Riouxa), na Avda de Castrelos (tramo entre a Praza de América ata a Fonte Alvite), Avda de A Florida (tramo dende a Praza de América ata o Camiño de O Caramuxo) e na Avda. Ramón Nieto (tramo Martínez Garrido ata o mercado de Cabral).

O resultado de cara á xestión do estado de ditos viais, non é nin de perto eficiente. Por unha banda, en demasiadas ocasións a Administración Autonómica non atende o mantemento, por outra banda, a falla de titularidade municipal provoca a propia incapacidade para atender ás demandas dos veciños e veciñas de ditas áreas, e por último, a urbanización existente é unha urbanización de “travesía” con ningunha ou moi pouca atención ás necesidades dos residentes nas beiras de ditos viais e só atentos aos aspectos derivados da súa conceptuación como viais interurbanos, papel que xa non xogan. Un sinxelo paseo pola Avda. de Castrelos, permite apreciar o abandono no estado das beirarrúas e a súa catividade, o entorno da Avda da Florida apresenta deficiencias non só de estado senon de concepto dada a densidade de poboación que alí reside.

Independentemente de que a titularidade sexa nestre intre da Xunta de Galiza, e poida seguir sendo, non debería acontecer por máis tempo, que non haxa un modelo de tratamento de ditos tramos deses viais elaborado por nós mesmos e que, no seu caso, poidamos ofrecer á Xunta de Galiza en forma de anteproxecto que, previamente discutido o procedemento, esa Administración Autonómica poida executar.

Polo antedito, o Grupo Municipal do BNG propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

O Pleno da Corporación Municipal acorda instar á Alcaldía-Presidencia e ao Concelleiro de Vías e Obras á elaboración de anteprojectos de obras de reurbanización dos seguintes tramos e viais:

- Avda de Galiza: tramo entre Avda. Buenos Aires ao Parque de A Riouxa, ata o límite do termo municipal do Concello de Vigo.
- Avda. de Castrelos: tramo Praza de América á Fonte de Alvite.
- Avda. de A Florida: tramo Praza de América ata o Camiño de O Caramuxo.
- Avda. de Ramón Nieto: tramo Martínez Garrido ata o Mercado de Cabral.

De acordo co seu actual papel de viais urbanos, atendendo ás necesidades de beirarrúas, servizos urbanos, alumeado e elementos de mobiliario urbano.”

DEBATE.- SR. FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Logo dunha longa negociación que ven de atrás e vendo que hai cidadáns en Vigo que padecen que os viais onde viven e onde teñen os servizos non son de responsabilidade directa do Concello e vista a experiencia da Travesía de Vigo e da Estrada Vella de Madrid onde coido que está sendo nunha porcentaxe moi alta bastante satisfactoria posto que lle permite ó Goberno municipal tomar decisións e poder negociar actuacións que beneficien a todos, estándose rematando coma o está a Estrada Vella de Madrid que coido que está quedando polo menos para a xente que a coñece nunha situación moi favorable, é polo que facemos esta moción. Esta moción o que está a dicir é que na nosa cidade en rúas como son a avenida de Galiza en Teis, coma a avenida de Castrelos no contorno do parque, como é a avenida da Florida no contorno do camiño do Caramuxo onde vive un montón de cidadáns e ademais teñen todos os servizos dunha vía urbana e non dunha travesía, coma é a avenida de Ramón Nieto onde nestes momentos se están a rematar un montón de urbanizacións, entón é necesario que o Goberno municipal tome a iniciativa dalgún xeito, que coido que a está tomando ou polo menos continuando unha previa que tiñamos nós, e se poida facer posible que uns proxectos ben feitos, adaptados ó que son as necesidades cidadás dunha vía urbana e que permitan renovar toda a infraestrutura tanto de saneamento coma alumeada e resto dos servizos que nunha cidade moderna como é a nosa se está a facer, e tomando esta situación coma algo que é posible, posto que se demostrou que se pode facer unha negociación e mellorar a calidade de vida dos cidadáns que viven nestas rúas, é polo que facemos a seguinte proposta: “O Pleno da Corporación acorda instar á Alcaldía-Presidencia e ó Concelleiro de Vías e Obras á elaboración de proxectos de obras de reurbanización dos seguintes tramos e viais: Avenida de Galiza en Teis, tramo entre a avenida de Bos

Aires e o parque da Riouxa (coidamos que se debe ir ata ó límite do que é o Concello de Vigo, ata Chapela). Avenida de Castrelos, tramo Praza de América ata Fonte Alvite (é tamén a zona que ten máis poboación e a que precisa mellorar máis servizos). Avenida da Florida, tramo entre Praza de América ata o Camiño do Caramuxo (zona de San Andrés que é onde está a zona industrial). Avenida de Ramón Nieto, treito que vai dende Martínez Garrido ata o mercado de Cabral que tamén é a zona onde nestes momentos se está facendo unha moi potente actuación e permitiría que con esta mellora os cidadáns teñan máis seguridade vial e mellores servizos.

SR. SOTO FERREIRO: Estou absolutamente de acordo co fondo da moción pero eu lle proporía unha lixeira modificación.

Coido que son moi atinadas as avenidas e os tramos que se queren reformar, pero déixeme que lle faga unha pregunta en voz alta: ¿por qué ten que asumir o Concello o pagamento dos custos de anteprojectos que debera facer xa a propia Xunta de Galiza? Coido que debe haber unha lixeira modificación no sentido que vostede mesmo di no discurso de xustificación, cando di que "esa administración autonómica ten que executar", eu diría que a súa moción no fondo o que está a dicir é que o Concello se xunte coa Xunta de Galiza, que se poñan de acordo nos criterios (entendo que ese é o espírito da súa moción) de cómo executar os proxectos e que se fagan xa.

Se ese é o criterio votaríamoslles a favor porque se non estariamos botando uns custos para o Concello que realmente lle corresponden á Xunta de Galiza, é a Xunta quen ten que elaborar os anteprojectos, os proxectos e executalos, e dicir, pagalos, para o dicir moi claro e que non se confunda ninguén.

Polo tanto pidámoslle ó Goberno municipal e neste caso máis concretamente á Sra. Alcaldesa que negocie coa Xunta de Galiza o fondo do contido da súa moción que coido que é importante e urxente.

SR. FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: O fondo é realmente pola experiencia vivida e dígolle isto porque no ano 99 andaba rodando polo Concello un proxecto para a Estrada Vella de Madrid que non era para unha vía urbana, era outra cousa pero non había a coraxe (e digo a frase exacta) para dicir que non valía para nada e houbo que tomar esa decisión. A raíz daí todos os proxectos que se fixeron doutros viais, como o de Pedro Alvarado, foron cun control total dos servizos municipais e isto porque queremos facer as cousas segundo os nosos servizos.

O fondo é ter o control e vostede sabe que realmente quen paga e quen dirixe e nós coidamos que é máis importante o control dos servizos municipais que saben perfectamente cómo teñen que manter as rúas que os custos, porque o problema está en que a Estrada Vella de Madrid, á parte de ter saneamento por ambas bandas, ten recollida de pluviais, que é unha obriga, e ademais ten un prisma de servizos que está aterrado e vai dar servizo moito tempo. Ademais obrigamos a todos os que dan servizo á cidade: gas, luz, e demais a que entrasen no tallo.

Por iso eu recoñezo que no fondo ten vostede razón pero hai que seren pragmáticos e imponse a realidade de que temos a necesidade de seren nós, o Concello de Vigo, quen controle o que queremos facer na nosa cidade que xa bastantes controis externos temos. Por iso ese custo que efectivamente debería asumir outra administración, economicamente si é gravoso pero o que importa é a cidade. Eu estou nunha estrada que vostede coñece perfectamente onde hai varios xeriátricos, onde hoxe é perfectamente posible que unha persoa cunha diminución se poida baixar dunha beirarrúa e non ter aquel lamentable panorama dunhas estradas que se podían facer perfectamente cumprindo o Plan Xeral a 16 metros e que a administración da Xunta no seu proxecto poñía 12 metros. É dicir, nós obrigamos á Xunta a cumprir o Plan Xeral que para iso o temos e as primeiras que o temos que cumprir son as institucións.

Por iso digo que, estando de acordo no fondo, por prácticos e pola necesidade de controlar o que queremos facer na nosa cidade, coido que debemos asumir nós os custos.

SR. SOTO FERREIRO: Fixen unha argumentación e vouna matizar.

Sr. Fernández, se a solución é a que propón vostede eu acéptoa, pero no fondo no que estamos é que diante dunha tremenda deixadez da Xunta de Galiza quen non resolve o que debera nas infraestrucras viguesas e como a Xunta de Galiza non o resolve e a Sra. Alcaldesa ó parecer non é quen para obrigar á Xunta de Galiza a que o resolva, temos que pagar os cidadáns vigueses dos nosos petos que se fagan proxectos que tería que facer a Xunta de Galiza. Entenda que eu me rebele cando di que ou se paga isto ou non se fai. Pois o pagamos pero eu quería que o pagara quen debe e estou convencido de que vostedes e eu estamos absolutamente de acordo nisto.

Tamén estamos de acordo noutra cousa. Eu dixen na miña intervención, aínda que seguramente non ben, que claro que teñen que seren os servizos municipais do Concello os que interveñan en cómo se redacta un proxecto.

Por iso falaba que sobre o contido de todas as realizacións técnicas se poñan de acordo os técnicos da Xunta e os do Concello e polo tanto que o anteproxecto primeiro e o proxecto logo respondan ós criterios dos técnicos da Xunta ademais dos criterios dos técnicos do Concello e así estaríamos resolvendo todos os problemas.

Se a señora Alcaldesa dime que non é quen de negociar isto coa Xunta de Galiza para o sacar, eu vótolle que o fagamos así porque prefiro tamén que se resolva o problema antes de que non se faga, pero convirá comigo que quen tería que facer isto en todos os sentidos é a Xunta de Galiza.

SR. RUIZ CENICEROS: Brevementa para confirmar o que na nosa opinión, sen prexuízo de que apoiaremos a moción nos termos que resulte, a razón tena o Sr. Soto porque se os viais son da administración autonómica o normal é que se faga cargo dos custos, dende o anteproxecto ata a execución da obra e mesmo da dirección, sen prexuízo de que os técnicos municipais participen e controlen ese proxecto e esa execución. Pero por coherencia, aínda que só sexa administrativa, debería a Xunta facerse cargo totalmente dos custos dos proxectos e da execución. Gracias.

SR. IGLESIAS CARRERA: Moitas veces o ideal é o mellor inimigo do bo. Abondo no que dixo o Sr. Fernández no referente á Estrada Vella de Madrid na que algo tivemos que intervir el e máis eu.

Cando non se puido rematar o primeiro convenio para facer unha serie de viais coa Consellería de Política Territorial, houbo que botar man daquel proxecto que estaba aterrado e que xa estaba desvirtuado porque moita xente ocupara terreos que estaban expropiados, estaba consolidada unha tolerancia dende o punto de vista urbanístico hai moitos anos e fíxose o que se puido porque realmente a Estrada Vella de Madrid, que queda ben e que está a piques de remataren, debía seren máis ancha. Indubidablemente por iso de "entre galgos e podencos" ó final son os cidadáns os que pagan todo isto. Tamén é certo, se non erro, que moitos viais que se din que son da Xunta e que non están totalmente definidos, que está por definir dende onde empezan ata onde chegan os viais aínda que iso semelle algo raro. Teño novas de que non se pagou xamais a electricidade ou que a pagaba a Consellería dando por certo que era dela.

En todo caso a Concellería que eu levo xa encargou proxectos básicos para a avenida da Florida, para a avenida de Castrelos, que coido que son

proxectos de moi baixo custo que é un xeito de dicir o que queremos e que nolo fagan ou nos dean os cartos.

Xa dicía antes que estamos esperando para falar co Director Xeral de Estradas porque en canto á Avenida de Madrid está todo perfectamente informado dende a Demarcación de Estradas e pídolle ó Grupo Socialista que faga un esforzo para que poida haber un diálogo entre eles e nós porque seica a información de Demarcación da Estradas do Estado é favorable. O alumeamento da autovía Vigo-0 Porriño, que non só é un proxecto de alumeamento, senón tamén de seguridade vial e vai licitarse xa. Por iso é moi importante que esas informacións positivas que saen da Coruña, de Demarcación de Estradas, as plasme e as autorice o Director Xeral de Estradas.

SR. FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Realmente facendo os anteprojectos é suficiente para que baseados neles se fagan os proxectos, eu con iso estou conforme. Pódese modificar perfectamente para que, asumindo a responsabilidade de negociar a Sra. Alcaldesa, se poida facer dende o proxecto ata a adxudicación da obra. Non teño problema.

A PRESIDENCIA: Pasamos a votar pero, Sr. Soto, pódolle dicir que son quen do negociar todo.

(No momento da votación está ausente o señor Pérez Castrillo)

Emenda formulada polo voceiro de DPG, Sr. Soto Ferreiro, durante o curso do debate:

Que sexa a Alcaldía-Presidencia quen negocie coa Xunta de Galiza o contido da anterior moción, coa colaboración dos técnicos municipais.

(No momento da votación estaba ausente o señor Pérez Castrillo)

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintecinco membros presentes da Corporación, dos vintesete que a constituén de feito e de dereito,

ACÓRDASE:

Que pola Alcaldía-Presidencia se negocie coa Xunta de Galiza á elaboración de anteprojectos de obras de reurbanización, coa colaboración dos técnicos municipais, dos seguintes tramos e viais:

- Avda de Galiza: tramo entre Avda. Buenos Aires ao Parque de A Riouxa, ata o límite do termo municipal do Concello de Vigo.
- Avda. de Castrelos: tramo Praza de América á Fonte de Alvite.
- Avda. de A Florida: tramo Praza de América ata o Camiño de O Caramuxo.
- Avda. de Ramón Nieto: tramo Martínez Garrido ata o Mercado de Cabral.

De acordo co seu actual papel de viais urbanos, atendendo ás necesidades de beirarrúas, servizos urbanos, alumeado e elementos de mobiliario urbano.

17.--(287).-- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE A TOPONIMIA NO TERMO MUNICIPAL DE VIGO.

ANTECEDENTES.- Mediante escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 14 de outubro de 2004, a concelleira do Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, Sra. Martíns Vilanova, formula a seguinte moción:

"Galiza conta cunha enorme riqueza toponímica -como non podía ser menos nun territorio moi humanizado dende antigo, senlleiro e individualizado dende as súas orixes- á que Vigo non é allea.

Conservar esta riqueza representa unha obriga e unha responsabilidade política, pois contribue a devolver a cada barrio, a cada lugar, a súa identidade.

Vigo, como cidade culta e orgullosa das súas raíces, debe respectar o seu pasado para desde el construír o presente e o futuro.

Consciente disto, o Concello elaborou no 2002 un censo de microtoponimia no que traballaron os departamentos de Estatística, Medio Ambiente, Urbanismo e Normalización Lingüística, que supón unha ferramenta moi útil para preservar a toponimia tradicional que está sendo eliminada pola crescente urbanización da cidade que se realiza as máis das veces con carencia de criterios e directrices na materia.

Por outra banda, a Universidade de Vigo xunto coa Comisión de Toponimia da Xunta de Galiza, o Instituto de Estudos Vigueses, a Asociación Galega de Onomástica e a Federación de Asociacións Veciñais "Eduardo Chao" presentaron unha proposta para a conservación da toponimia tradicional nas novas urbanizacións que desde o BNG compatimos na súa totalidade.

Por todo isto, presentamos ó Pleno da Corporación para a súa aprobación os seguintes acordos:

1.- Na denominación oficial das diferentes realidades xeográficas (entidades de poboación, urbanizacións, prazas, rúas, complexos urbanísticos, bloques de edificios, etc.) preferirase sempre un topónimo tradicional antes que fórmulas de nova invención.

2.- No caso de realidades xeográficas de nova creación, realizarase un inventario das denominacións tradicionais do territorio afectado e empregaranse nomes tomados dese repertorio para a denominación oficial das novas realidades.

3.- Cando nunha área determinada os topónimos tradicionais superan en número as novas realidades xeográficas creadas, de preferencia han de preservarse os topónimos de maior interese histórico, arqueolóxico ou filolóxico.

4.- Só se empregará o recurso á imposición de topónimos honoríficos ou conmemorativos (nomes de persoas ou institucións, de conceptos abstractos, de cidades ou países, etc.) en casos en que a nova denominación non sepulte un topónimo tradicional, ou cando a supervivencia do topónimo tradicional correspondente estea asegurada pola súa implicación a algunha realidade xeográfica próxima.

5.- Cando o repertorio de nomes tradicionais dunha área é insuficiente para o conxunto de novas realidades xeográficas creadas, han de preferirse sempre denominacións que garden harmonía coa toponimia tradicional galega."

DEBATE.- SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: Todos estaremos de acordo na importancia que ten a recuperación da memoria histórica da cidade de Vigo.

Parte dos sinais de identidade de calquera cidade residen na toponimia, isto é así porque a toponimia adoita facer referencia ás orixes dun barrio, danos información sobre os seus usos, os seus costumes, en definitiva sobre a súa historia.

Xa no ano 2002 o Concello de Vigo elaborou un censo de microtoponimia no que traballaron os departamentos de Estatística, Medioambiente, Urbanismo e Normalización Lingüística. Este estudo coído que é unha ferramenta moi útil para daren pasos no sentido que formula a moción.

A Universidade de Vigo xunto coa Comisión de Toponimia da Xunta de Galiza, o Instituto de Estudos Vigueses, a Asociación Galega de Onomástica e a Federación de Asociación Veciñais presentaron unha proposta para a conservación da toponimia tradicional nas novas urbanizacións que dende o BNG asumimos na súa totalidade e que é a que presentamos nestes momentos para a súa aprobación.

En concreto os puntos que se presentan para a aprobación polo Pleno son os seguintes:

Primeiro, que na denominación oficial das diferentes realidades xeográficas, sexan entidades de poboación, urbanizacións, prazas, rúas, complexos urbanísticos, etc., preferirase sempre un topónimo tradicional antes de fórmulas de nova invención.

Segundo, que no caso de realidades xeográficas de nova creación realizárase un inventario das denominacións tradicionais do territorio afectado e empregáranse nomes tomados dese repertorio para a denominación oficial das novas realidades.

Terceiro, que cando nunha área determinada os topónimos tradicionais superen en número ás novas realidades xeográficas creadas, de preferencia se preserven os topónimos de maior interese histórico, arqueolóxico, ou filolóxico.

Cuarto, que só se empregará o recurso á imposición de topónimos honoríficos ou conmemorativos, nomes de persoas ou institucións, de conceptos abstractos ou de cidades ou países, en casos en que a nova denominación non sepulte un topónimo tradicional ou cando a supervivencia do topónimo tradicional correspondente estea asegurada pola súa implicación en algunha realidade xeográfica próxima.

Quinto, cando o repertorio de nomes tradicionais dunha área é insuficiente para o conxunto de novas realidades creadas, preferiranse sempre as denominacións que garden harmonía coa toponimia tradicional galega.

SR. SOTO FERREIRO: Sra. Martíns, para min é evidente o fondo e o interese da súa moción pero tal e como os redacta os puntos terceiro e cuarto poderían ser tremendamente excluintes de calquera outra concepción e non me parece lóxico deixar a unha Corporación, a esta ou a Corporacións futuras, absolutamente atada de pés e mans para que só se poida guiar por ese criterio. Non vou discutir, nin poñer exemplos que poidan gustar a uns si e a outros non pero pode aparecer unha causa xustificada para unha Corporación para que se lle dea un topónimo a un lugar que tiña unha nomenclatura anterior.

Non me parece que deixar a porta pechada a calquera excepción sexa bo e polo tanto propoño que vostede mesma faga unha emenda sobre o seu propio texto que nos permita a todos votar, porque insisto en que os puntos 3 e 4 tal e como están redactados impiden calquera outra solución que non sexa esa e coido que, estando de acordo en que alí onde razoablemente haxa que aplicar o criterio que vostede propón, a excepcionalidade cando conveña debe poder estar contemplada.

SR. ARIAS MOREIRA: A verdade é que estou bastante de acordo co que acaba de dicir o Sr. Soto.

A moción que nos presenta o BNG seméllanos unha iniciativa eloxiable e estamos totalmente de acordo coa exposición de motivos e co que entendemos que é o espírito desta moción de recuperar e dar preferencia cara ó futuro á toponimia tradicional. Todo isto seméllanos eloxioso e estamos totalmente de acordo, pero tamén observamos que na redacción demasiado detallada que se fai na proposta de acordo hai un punto excluínste doutras posibilidades. Sen embargo a miña lectura non coincide exactamente coa que acaba de facer o Sr. Soto, coido que os puntos máis excluínstes dende logo están no 4 pero tamén no 2; en cambio no 3 coido que se fai referencia á preferencia e non vexo exactamente por qué iso non é aceptable.

Para non entrar en demasiados detalles a nosa emenda é de supresión de todo o que ven a partir do punto 1 que coido que é fundamental. Se do que se trata é de dar preferencia á toponimia tradicional coido que todo o demais é reiterativo, claro que se se trata doutra cousa nós non o apoiamos. De xeito que proporía suprimir todo o que ven a partir do punto 2.

SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: Nós estamos de acordo co que dixeron os grupos de Democracia Progresista Galega e Socialista.

É certo o da proposta que elaboraron os que realizaron o estudo, pero tamén é certo que o Regulamento de honras e distincións que se aprobou no Pleno de 29 de setembro de 1981 xa se fala dese tema xa que no punto segundo, cando fala de denominación do roteiro di: "con exclusión das denominacións concretas obxecto de petición atenderase preferentemente ós toponímicos dos lugares de situación". Coido que isto está no espírito do que propoñemos que é a preferencia nos toponímicos na adxudicación dos nomes ás rúas.

SRA. MARTÍNS VILANOVA: O importante é que se segan as directrices que se establecen na moción, en concreto que se poidan matizar algúns apartados, se con iso acadamos que sexa aprobada, non habería problema sempre e cando se camiñe nesta dirección.

Dende logo nós estamos de acordo con todos os puntos que presentaron no seu momento a Federación de veciños e estas outras entidades que antes citei pero, se facendo algunha matización se aproba a moción, tampouco teríamos maior problema, en todo caso que se propoña con claridade.

A PRESIDENCIA: Penso que incluíndo as matizacións que se fixeron podemos pasar a votar.

Durante o transcurso do debate o Sr. Arias Moreira propón que se suprima todo o que segue ó punto 1 da proposta por coidar que é reiterativo.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constituén de feito e de dereito,

ACÓRDASE:

Que na denominación oficial das diferentes realidades xeográficas (entidades de poboación, urbanizacións, prazas, rúas, complexos urbanísticos, bloques de edificios, etc.) se prefira sempre un topónimo tradicional antes que fórmulas de nova invención.

18.-(288).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSDEG-PSOE SOBRE DISTINTAS ACTUACIÓNS CONFORMES COA NOVA LEI INTEGRAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO.

ANTECEDENTES.- Mediante escrito de data 13 de outubro de 2004 o Voceiro do Grupo Municipal do PsdeG-PSOE, presenta a seguinte moción:

“O pasado 7 de outubro, o Congreso dos Deputados aprobou, por unanimidade de tódolos grupos políticos, unha Lei Integral contra a Violencia de Xénero. Esta aprobación veu precedida por un amplo debate social e a superación, pola vía do consenso e a concertación política e social, mesmo de reparos do Consello Xeral do Poder Judicial.

A importancia deste fito histórico quedaría minimizada se desde tódalas instancias da administración, nomeadamente tamén desde a Local, non traballamos por facer posible o cambio cultural e cívico que conleva unha medida legislativa deste alcance.

A lei atende as recomendacións dos organismos internacionais de proporcionar respostas globais á violencia exercida contra as mulleres. É o caso da Convención sobre a Eliminación de tódolos xeitos de discriminación sobre a muller, de 1979; a Declaración da Asamblea Xeral das Nacións Unidas sobre a eliminación da violencia sobre a muller de 1993; as resolucións do último Cumio Internacional sobre a Muller de 1995 en Pekín; a Resolución WHA49.25 da Asamblea Mundial da Saúde (da OMS) que declarou a violencia como problema prioritario de saúde público en 1996; o informe do Parlamento Europeo de xullo de 1997; a Resolución da Comisión dos Dereitos Humanos de Nacións Unidas de 1997; a Declaración de 1999 como Ano Europeo da Loita contra a Violencia de Xénero, ou a máis recente Decisión 803/2004/CE do Parlamento Europeo que aproba un programa de acción comunitario 2004/2008 para protexer ás vítimas e grupos de risco (programa Daphne II).

O ámbito da lei atinxe desde os aspectos preventivos, educativos, e sociais ata os asistenciais e de atención posterior as vítimas, así como a normativa civil que incide no ámbito familiar ou de convivencia, onde

principalmente acontecen as agresións, así coma o principio de subsidiariedade nas Administracións Públicas. Igualmente, abórdase con decisión a resposta punitiva que deben recibir tódalas manifestacións de violencia que a mesma lei regula.

A Lei entende a violencia de xénero dun xeito integral e multidisciplinar, comezando polo proceso de socialización e educación. A conquista da igualdade e o respecto á dignidade humana e á liberdade das persoas enténdese como un obxectivo prioritario en tódolos niveis de socialización.

Establécense medidas de sensibilización e intervención no ámbito educativo. Reforzase, no ámbito da publicidade, unha imaxe que respecte a igualdade e a dignidade das mulleres. Apóiase ás vítimas a través do recoñecemento de dereitos como o de información, asistencia xurídica gratuita e outros de protección social e apoio económico. Proporciona, daquela, unha resposta legal integral que abrangue tanto as normas procesais, creando novas instancias, como normas substantivas penais e civís, incluíndo a debida formación dos operadores sanitarios, policiais e xurídicos responsables da obtención de probas e da aplicación da lei.

Establécense medias de sensibilización e intervención no ámbito sanitario para optimizar a detección precoz e a atención física e psicolóxa das vítimas en coordinación con outras medidas de apoio. Ademais e dado que as situacións de violencia sobre a muller afectan tamén aos menores que se atopan dentro do seu ámbito familiar, aos que convirte en vítimas directas ou indirectas desta violencia, a lei contempla tamén a súa protección, non só para a tutela dos dereitos dos menores, senón para garantir de xeito efectivo as medidas de protección adoptadas respecto da muller.

No artigo 2 do seu Título Preliminar, a Lei integral contra a Violencia de Xénero artéllanse un conxunto integral de medidas (Principios rectores) encamiñadas a acadar os seguintes fins:

- A) Afortalar as medidas de sensibilización cidadana de prevención, dotando aos poderes públicos de instrumentos eficaces no ámbito educativo, servizos sociais, sanitario, publicitario e mediático.
- B) Consagrar dereitos das mulleres vítimas de violencia de xénero, esixibles perante as Administracións Públicas, e así asegurar un acceso rápido, transparente e eficaz aos servizos establecidos ao efecto.
- C) Reforzar, ata a consecución dos mínimos esixidos polos obxectivos da Lei, os servizos sociais de información, de atención, de emerxencia, de apoio e de recuperación integral, así como establecer un sistema para a máis eficaz coordinación dos servizos xa existentes a nivel municipal e autonómico.
- D) Garantir dereitos no ámbito laboral e funcional que concilien os requerimentos da relación laboral e de emprego público coas circunstancias daquelas traballadoras ou funcionarias que sufran violencia de xénero.
- E) Garantir dereitos económicos para as mulleres vítimas de violencia de xénero, co fin de facilitar a súa integración social.
- F) Establecer un sistema integral de tutela institucional no que a Administración Xeral do Estado, a traveso da Delegación do Goberno contra a

Violencia sobre a Muller, en colaboración co Observatorio Estatal da Violencia sobre a Muller, pule pola creación de políticas públicas dirixidas a ofrecer tutela ás vítimas da violencia, contemplada na Lei.

G) Afortalar o marco penal e procesal vixente para asegurar unha protección integral, desde as instancias xurisdiccionais, ás vítimas de violencia de xénero.

H) Coordinar os recursos e instrumentos de todo tipo dos distintos poderes públicos, para asegurar a prevención dos feitos de violencia de xénero e, no seu caso, a sanción axeitada aos culpables dos mesmos.

I) Promover a colaboración e participación das entidades, asociacións e organizacións que desde a sociedade civil actúan contra a violencia de xénero.

J) Fomentar a especialización dos colectivos profesionais que interveñen no proceso de información, atención e protección ás vítimas.

K) Garantir o principio de transversalidade das medidas, de xeito tal que na súa aplicación se teñan en conta as necesidades e demandas específicas de tódalas mulelrs vítimas de violencia de xénero.

Xa que logo, considerando o grande número de actuacións que as competencias municipais poderán asumir para o cumprimento desta lei, e considerando a tradición do Concello de Vigo en materia de defensa e apoio ás mulleres que padecen malos tratos e que se remonta a finais da década dos 80, cando se crea a primeira Concellería da Muller de Galicia, un Centro Municipal de Información dos Dereitos das Mulleres e unha Casa de Acollida, e o traballo seguinte de implicación do movemento asociativo chegándose á creación dunha Rede Veciñal e a colaboración activa da Federación Eduardo Chao, propoñemos o seguinte ACORDO:

Que desde o Consello Municipal da Muller e para o seu cumprimento polas Concellerías correspondentes:

1.- Se cree un grupo de traballo para o estudo polo miúdo dos aspectos recollidos na Lei Integral contra a Violencia de Xénero e se faga unha campaña de difusión para dalos a coñecer exhaustivamente a tódolos colectivos afectados, en primeiro termo, ás súas destinatarias finais, deseguido, e a toda a poboación finalmente.

2.- Que o mesmo grupo ou outro que tamén se cree dentro do Consello Municipal da Muller, estudie, co asesoramento dos equipos técnicos municipais que sexan precisos, as implicacións que a aplicación da lei terá para o Concello de Vigo e que o incorpore ao Plano Municipal contra a Violencia de Xénero, que será presentado antes de fin de ano para a súa aprobación polo Pleno da Corporación.

3.- Que o propio Consello Municipal da Muller asuma entre as súas funcións, o papel de vixía e garante do cumprimento dos compromisos que asuma o devandito Plano, do que fará un informe anual asímesmo ante o Pleno da Corporación.

4.- Que desde o goberno municipal se poña en marcha unha estratexia de actuación que implique a transversalidade de tódalas actuacións que incidan na loita contra a violencia de xénero.

5.- Que se continúe e relance a campaña que deixou en marcha o anterior equipo de goberno socialista contra a violencia de xénero baixo do lema "Eu non son cómplice" e se contemple como unha actuación permanente (non puntual) que identifique e defina o compromiso do Concello de Vigo con esta loita."

DEBATE.- SR. PÉREZ MARIÑO: Un dos fenómenos sociolóxicos que máis comoveron á sociedade española nos últimos anos e que de xeito cotiá nos comove é a violencia que se exerce sobre as mulleres por razón fundamentalmente do seu propio xénero, é a violencia doméstica que fai que todos os meses cheguemos aquí e fagamos un minuto de silencio polas vítimas do mes pasado, que fai que se saia a cotío a facer unha comparecencia pública para chamar a atención, por unha parte do problema, por outra para expresar o respecto ás vítimas e tamén por outra para lles expresar ós cidadáns un grande rexeitamento desas actitudes.

Este é un cambio socioloxicamente importante xa que este problema deixou de ser individual dunha muller e dun home, dun marido e dunha muller, dun noivo e unha noiva para se converter nun problema social. Daí que o nome non sexa violencia contra as persoas concretas, senón que sexa violencia de xénero, o é estatisticamente, e é o nome da Lei que está a piques de se aprobar, unha violencia que se exerce dun sobre outro xénero e iso fai que o convertíramos nun problema social.

Entendeuno así a sociedade española por boca dos seus representantes o que levou ó Congreso dos Deputados a aprobar o pasado 7 de outubro de xeito unánime un proxecto de Lei integral contra a violencia de xénero que nestes momentos está en trámite parlamentario e que entrará en vigor, se nada o impide, nos vindeiros meses.

Pero unha sociedade non cambia só porque se establezan leis, istas son os marcos referenciais necesarios, os marcos lexislativos pero é necesaria unha concienciación por parte da sociedade que ten o problema. Esa concienciación non a podemos deixar só en mans dos demais, nós somos uns actores públicos en canto institución, en canto Concello e temos que pensar qué podemos facer nós para evitaren os problemas que existen na nosa sociedade coa violencia de xénero.

Nós podemos facer moitas máis cousas das que facemos porque esta Lei está toda ela marcada por un fio conductor que é educación/sensibilización e nisto nós somos uns actores importantes coma Concello e temos que facer

moitas cousas, non podemos quedármonos contentos coa nosa manifestación pública de rexeitamento das actitudes que dean lugar á violencia de xénero, temos que dar un paso moito máis aló, non nos podemos quedar contentos con que en Madrid, no Congreso dos Deputados e no Senado, se aprobe unha Lei integral sobre a violencia de xénero, nós temos que facer moito máis, temos que facer cousas e por iso dicimos na nosa moción que non podemos baixar os brazos, temos que participar coma institución. É o que pedimos na moción, que o Concello se tome en serio o tema e acometa as medidas axeitadas que poden ser centos de pequenas medidas de sensibilización, de educación, que dende o Concello se axude, que se poña o gran de area no rexeitamento a esa violencia e na solución na medida que esta sexa posible parcialmente a este problema.

Polo tanto non é cuestión de que eu lles lea os cinco puntos do acordo porque en definitiva se poden reducir a un: preocupémonos e tomemos as medidas que dende un Concello se poidan tomar porque con iso contribuiremos a axudar a que a sociedade sexa mellor e sobre todo a que as mulleres, que como xénero sofren neste momento histórico unha represión e unha violencia sobre si mesmas, axudarlles a resolver a súa situación.

Por iso coidamos que non é o problema que os puntos sexan mellores ou peores, ou matizables ou non, senón que o espírito é qué facemos dende o Concello e se pode formar unha comisión para preguntar qué facemos e facelo. Moitas gracias.

SRA. FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Primeiramente dicir que dende o Bloque Nacionalista Galego sempre vimos con preocupación e con indignación toda a problemática que se xera ó redor do que se denomina lacra social de malos tratos e esa indignación e esa preocupación fixo sempre que tivesemos unha actitude de compromiso alí onde podiamos facer medidas de acción positiva respecto de avanzar na eliminación destes malos tratos, de tal xeito que no anterior mandato do Goberno nacionalista, concretamente cando Ana Gandón era Concelleira da Muller, aprobouse no ano 2000 o Primeiro plano de acción municipal para combater a violencia contra as mulleres, plano que contempla unha serie de medidas transversais que van dirixidas a accións dentro dos centros escolares, polo tanto é unha acción positiva na materia de educación que afronta accións tamén no sentido social, daí a atención específica que este Concello ten a respecto de mulleres que sofren situacións de malos tratos, ó mesmo tempo que tamén é un plano que recolle medidas de apoio económico ata agora inexistentes, non sendo neste Concello

de Vigo, para as mulleres que en determinadas ocasións teñen que pasar pola Casa de Acollida, axudas económicas que se recollen nos orzamentos deste Concello. Apoios tamén nese Plano de violencia contra as mulleres que tamén fixo posible que haxa unha rede de mulleres veciñais que directamente actúa co sector das mulleres e que afortunadamente está a cumprir un papel moi importante que conta co apoio do Concello, independentemente que nós valoremos que o apoio tiña que ser maior.

Igual que valoramos que todas estas medidas, dada a gravidade da situación, son insuficientes e que efectivamente é necesario seguir fornecendo as políticas deste Concello que pensamos que, unha vez aprobada a Lei integral do Estado, efectivamente ten que ser fornecida porque ata agora o Concello estaba a actuar con medidas propias e neste caso ten que ser apoiado económica e financeiramente polo Estado, polo tanto se poderán levar medidas adiante.

Compartimos, de acordo con todo isto que acabamos de dicir, a moción que presenta o Grupo Socialista e ímola votar a favor, pero entendemos que ó mellor sería conveniente, independentemente que a imos votar a favor igual, que se fixera algunha modificación no texto das resolucións, primeiro porque pensamos que a quen debe ir dirixida non é ó Consello Municipal da Muller, senón que debe ser á Concellería da Muller porque é quen ten capacidade executiva, o Consello Municipal só ten coma misión facer o seguemento da política municipal da Concellería, facer políticas de pulo, avaliar, pero a política de execución lle corresponde á Concellería da Muller e ademais é realmente quen debe asumir ese compromiso e esa resolución.

No punto 4 e 5 non temos absolutamente ningún problema. No punto 2 e polo que dicía anteriormente da existencia dese Plano de acción municipal, pensamos que si se debería incorporar unha modificación no sentido de que esas resolucións que ese estudo faga a respecto da Lei de violencia de xénero, se incorporen efectivamente ó plano de política municipal que xa existe, non é necesario elaborar, aínda que si modificar ou sinxelamente facer, un novo plano que se adapte ás novas circunstancias non só da realidade, senón ás que a Lei que se aprobará definitivamente antes de finais de ano efectivamente suscite.

No número 3 que é que o propio Consello Municipal da Muller asuma entre as súas funcións o papel de vixía e de garante do cumprimento dos compromisos, estamos de acordo, pero as modificacións do Plano débeas presentar a Concellería da Muller e non o Consello Municipal porque non é a súa

función, a súa función é vixilar como aquí se di o labor que fai a Concellería e, se non fai o que ten que facer, ten a potestade do criticar e de pular polas políticas que corresponda.

Seméllanos moi oportuna a moción no sentido de que efectivamente se acaba de aprobar unha Lei que é necesario aplicar socialmente e non só no que corresponde ó goberno municipal, senón que potenciala de tal xeito que adquiramos conciencia de que hai que afrontar ese problema.

SR. SOTO FERREIRO: Eu non ía intervir neste punto da orde do día pero vou dicir que dende logo na Xunta de Voceiros volverei sobre o tema das intervencións. Podo comprender politicamente, aínda que non me guste, as intencións políticas, é dicir que un presente un tema e outro que lle gusta moito llo raspa sete veces para que semelle que ó final é este último quen o formula. Podo comprender esas tentacións pero comezo a as denunciar en voz alta. Sobre todo denunciar en voz alta tanta declaración de intencións como facemos neste Concello sen poñer logo solucións prácticas.

Vou facer unha intervención moi breve pero os animo a todos a que todas esas ideas que teñen, que ademais estou convencido de que cren nelas, as poñan en práctica facendo que o Concello se implique independentemente do Estado. Eu non quero citar orixes pero en investimentos do Concello para temas de defensa da muller habería que ir moi cara atrás neste Concello para lembrar quen investiu ou ós que fixeron os investimentos. Polo tanto empezan a preparar investimentos no Plan do 2005, é dicir, empezan a prepararse para aprobar os orzamentos de 2005 cos investimentos, emendas, etc., que todos queiramos para que realmente estas políticas se poidan manifestar, senón estamos a facer botafumeiros e fogos de artifício e dígollo xa lealmente e esperando encarar o futuro.

Dígoo con paixón porque este tema tennos moi doidos a todos e seguramente ninguén de nós sábeo resolver. Eu pediríalles a todos que teñan esa humildade e se somos quen de resolver cousas así seguramente lle iría mellor á sociedade neste problema.

SRA. MOLARES PÉREZ: Eu querría seren breve pero si teño que intervir sobre todo para informar coma, xa fixen no Consello Municipal da Muller do 6 de outubro, que se está traballando na Concellería da Muller en redactar un segundo Plan de acción municipal 2004-2007 para combater a violencia contra as mulleres xa que desgraciadamente segue sendo necesario facer un segundo plan.

Teño que dicir tamén que se presentou a avaliación do Plan 2000-2003 con resultados claramente satisfactorios sobre todo tendo en conta que é un Plan realmente pioneiro e en Vigo queremos seguir sendo pioneiros.

Polo tanto estamos de acordo co contido xeral da moción posto que practicamente xa se inclúe nun borrador no que imos traballar neste mes. Están pendentes de convocar para o 9 ou 10 de novembro unhas xornadas de traballo cos participantes do Consello Municipal da Muller para traballar tanto na avaliación do primeiro Plan, como incorporamos xa unhas xornadas para non facer máis grupos de traballo,?????? senón nesas propias xornadas traballar sobre os contidos da Lei integral e tamén sobre o novo Plan.

Este novo Plan ten que ser froito das contribucións de todas as asociacións que veñen traballando a prol da muller e por tanto xa se fixo esa fase de que todas esas asociacións acheguen as súas suxestións que xa están incorporadas neste borrador que coido que é bo.

Si me gustaría dicir que estou de acordo coas incorporacións que manifestaba a Sra. Fernández por parte do Bloque Nacionalista Galego aínda que o importante, como dicía o Sr. Pérez Mariño, é o contido xeral e nese sentido imos votar a favor.

Por seren coherentes e votar cousas que logo se poidan cumprir, no punto 1 dise que se cre un grupo de traballo para o estudo polo miúdo dos aspectos recollidos na Lei integral contra a violencia de xénero e se faga unha campaña de difusión para a dar a coñecer exhaustivamente a todos os colectivos afectados e en primeiro termo ás súas destinatarios finais e de seguido a toda a poboación.

Claro que nós temos prevista unha área de sensibilización, a educación tamén é moi importante, e hai unha área dentro do Plan que recolle isto con actuacións concretas e polo tanto haberá momento do debater. Espero traer ó próximo Pleno este Plan para que sexa un Plan da Corporación de Vigo e non coma acaeceu coa campaña "Eu non son cómplice", campaña presentada no seu momento pola Sra. Porteiro García pero acordada en Xunta de Voceiros coma campaña da Corporación municipal. Coido que neste tipo de políticas o correcto é que esteamos todos a favor e de xeito unánime, polo tanto o que se pretende é que este Plan sexa de todos.

Pero si que eu presentaría, se o cre conveniente, unha emenda que en troques de facer unha campaña de difusión concreta dende o Concello de Vigo para dar a coñecer a Lei integral que é unha Lei do Estado, do Ministerio de Asuntos Sociais e que nestes momentos aínda lle falla a aprobación definitiva, eu cambiaríao porque "O Concello de Vigo colabore na difusión

das campañas que elabore o Ministerio de Asuntos Sociais para a difusión dos contidos”, posto que facer nós esa campaña á marxe do Ministerio seméllame un pouco prepotente por parte da miña Concellería e sobre todo que os termos da campaña de difusión, eses termos da aprobación inicial da Lei integral que se aprobarán definitivamente cando pasen polo Senado, serán para todos os Concellos de España.

Si adiantar que eu coido que este Plan vai ser un Plan que mesmo nalgúns puntos, como pode ser o artigo 19 no tocante ás medidas e os dereitos laborais, de prestación de seguridade social, vai ir por diante da propia Lei. Coma xa en Vigo tiñamos nese Plan 2000-2003 unha experiencia moi vantaxosa con respecto ó resto dos Concellos de España, coido que neste segundo Plan esa área precisamente é na que non hai que afondar demasiado porque xa estaba ben feita e no que máis incidimos foi na parte do emprego na que achegamos as medidas que se introducen na Lei, sempre levan a orde de protección das mulleres e no borrador do plan inclúese sinxelamente a interposición de denuncia e así xa se está executando na contratación dos beneficiarios do programa BIAL no que se destina un 10% das contratacións que se fagan para as persoas que estean na Casa de Acollida.

Polo tanto coido que non só estamos en vías de cumprir con esa Lei integral, senón que Vigo pode ser un Concello pioneiro.

SR. PÉREZ MARIÑO: Como comprenderán o Grupo socialista non vai facer baixo ningún concepto ningunha partenidade da moción.

Dicía a Sra. Concelleira e con toda a razón, que tiña que ser un acordo municipal e que teremos que ser quen do levar coma tal á sociedade.

Polo tanto aceptamos todo o que se dixo que redunde na maior utilidade, aceptamos a busca de solucións ó problema, se non se quere que sexa o Consello Municipal da Muller e que si sexa a Concellería, se se quere facer unha lectura do anterior danos igual, o único que queremos é que sexa útil e ademais eu deixaríao en mans da Sra. Concelleira da Muller para que propuxera e formulara un Plan tendo en conta o que hai como dixo a representante do BNG porque indubidablemente xamais se parte de nada, pero coidamos que o que hai non é suficiente e é a nosa obriga buscar cada día máis remedios aínda sabendo da súa enorme dificultade.

Por todo iso o Grupo municipal socialista acepta todas as matizacións que se fixeron porque a única finalidade é mellorar en definitiva a situación das mulleres que poden ser vítimas de violencia de xénero.

A PRESIDENCIA: Pasamos a votar pero quero que me permitan, coma Presidenta deste Pleno pero tamén coma muller agradecer a sensibilidade que sempre se tivo neste Concello por parte de todos os Grupos, porque sempre se traballou e sempre da man nisto. Penso que se é importante ir da man nos temas da cidade, neste é fundamental. Moitas gracias.

Proposta formulada pola concelleira do Grupo municipal do BNG, Sra. Fernández Davila, durante o curso do debate:

Que a moción se promova dende a Concellería da Muller en troques do Consello Municipal da Muller.

Que no punto 2 figure "o incorpore ao Plano Municipal contra a Violencia de Xénero que xa existe".

Que no punto 3 se substitúa "Que o propio Consello Municipal da Muller asuma..." por "Que a propia Concellería da Muller asuma..."

Proposta formulada pola concelleira do Grupo municipal Popular, Sra. Molaes Pérez.

Que en troques de que dende o Concello se faga unha campaña de difusión da Lei integral contra a violencia de xénero se diga que "O Concello colabore na difusión das campañas que elabore o Ministerio de Asuntos Sociais para a difusión dos contidos da Lei integral contra a violencia de xénero".

A Presidencia somete a votación o texto da moción coas incorporacións anteditas propostas polas concelleiras, Sras. Fernández Davila e Molaes Pérez,

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constituén de feito e de dereito,

ACÓRDASE:

Que desde a Concellería da Muller e para o seu cumprimento polas Concellerías correspondentes:

Primeiro.- Se cree un grupo de traballo para o estudio polo miúdo dos aspectos recollidos na Lei Integral contra a Violencia de Xénero e o Concello colabore na difusión das campañas que elabore o Ministerio de Asuntos Sociais para a difusión dos contidos da Lei integral contra a violencia de xénero para a dar a coñecer exahustivamente a todos os colectivos afectados, en primeiro termo, ás súas destinatarias finais, deseguido, e a toda a poboación finalmente.

Segundo.- Que o mesmo grupo ou outro que tamén se cree dentro do Consello Municipal da Muller, estudie, co asesoramento dos equipos técnicos municipais que sexan precisos, as implicacións que a aplicación da lei terá para o Concello de Vigo e que o incorpore ao Plano Municipal contra a Violencia de Xénero, existente.

Terceiro.- Que a propia Concellería da Muller asuma entre as súas funcións, o papel de vixía e garante do cumprimento dos compromisos que asuma o devandito Plano, do que fará un informe anual asímesmo ante o Pleno da Corporación.

Cuarto.- Que desde o goberno municipal se poña en marcha unha estratexia de actuación que implique a transversalidade de tódalas actuacións que incidan na loita contra a violencia de xénero.

Quinto.- Que se continúe e relance a campaña que deixou en marcha o anterior equipo de goberno socialista contra a violencia de xénero baixo do lema "Eu non son cómplice" e se contemple como unha actuación permanente (non puntual) que identifique e defina o compromiso do Concello de Vigo con esta loita.

URXENTES.-

A.- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR SOBRE MODIFICACIÓN DA RPT DO IME PARA O ANO 2005. EXPTE. 4809/333.

ANTECEDENTES.- A Concelleira do Grupo Municipal do Partido Popular, Sra. Molares Pérez, presenta para a súa aprobación polo Pleno a seguinte moción:

"Atendendo ó acordo do Consello de Administración do Instituto Municipal dos Deportes realizada o pasado 6 de outubro do 2004, sobre a proposta de modificación da RPT deste Organismo Autónomo para o ano 2005 en base ás necesidades urxentes de persoal definidas nas diversas mesas de negociación realizadas nos últimos anos proponse:

"A) Incrementar o cadro de persoal e relación de postos de traballo ampliando o vixente, que queda da seguinte forma:

CADRO DE PERSOAL - RELACION DE POSTOS DE TRABAJO - EJERCICIO 2005
ORGANISMO AUTONOMO "INSTITUTO MUNICIPAL DOS DEPORTES" DE VIGO
PERSOAL LABORAL

DENOMINACION		DOT	RL	GR	CD	CE
DIRECT. DEP.VO-XEFE U. TEC.DEP	1	INDEF.	A	26	11	

S.Ordinaria 25.10.04

DIRECTOR TECNICO	1	INDEF.	A	26	11	
COORDENADOR DEPORTIVO	1	INDEF.	A	26	11	
ADMINISTRATIVO	2	INDEF.	C	18	56	1 vctes
XEFE MANTEMENTO INSTALACIONES	1	INDEF.	D	18	75	
ADXUNTO COORDENADOR	1	INDEF.	D	18	22	
XEFE UNIDADE MANTEMENTO E TALLER	1	INDEF.	D	18	75	
CONSERXE RESPONSABLE INSTALACION	3	INDEF.	D	16	59	
OFICIAL DE MANTEMENTO	8	INDEF.	D	15	53	
OFICIAL DE INSTALACION	16	INDEF.	D	15	53	
AUXILIAR ADMINISTRATIVO	2	INDEF.	D	15	56	
AXUDANTE DE MANTEMENTO	14	INDEF.	E	14	53	8 vctes
LIMPADORA	1	INDEF.	E	12	55	

PRAZAS PERSOAL LABORAL FIXO

PRAZAS PRESUPOSTARIAS	Nº	TITULACION	ESIXIDA
TECNICO EDUCACION FISICA	3	A PROPIA DE FUNCIONARIOS	DO GRUPO A
ADMINISTRATIVO	2	A PROPIA DE FUNCIONARIOS	DO GRUPO C
AUXILIAR ADMINISTRATIVO	2	A PROPIA DE FUNCIONARIOS	DO GRUPO D
ENCARGADO XERAL	1	A PROPIA DE FUNCIONARIOS	DO GRUPO D
ADXUNTO COORDENADOR	1	A PROPIA DE FUNCIONARIOS	DO GRUPO D
CAPATAZ	1	A PROPIA DE FUNCIONARIOS	DO GRUPO D
OFICIAL DE MANTEMENTO	8	A PROPIA DE FUNCIONARIOS	DO GRUPO D
OFICIAL DE INSTALACION	19	A PROPIA DE FUNCIONARIOS	DO GRUPO D
AXUDANTE DE MANTEMENTO	14	A PROPIA DE FUNCIONARIOS	DO GRUPO E
OPERARIO	<u>01</u>	A PROPIA DE FUNCIONARIOS	DO GRUPO E
	52		

Rexerán as instrucións sobre o cadro de persoal e relación de postos de traballo obxecto de ampliación, as vixentes aprobadas o 14 de xaneiro de 2003, publicadas no BOP núm. 133, correspondente ó 11 de xullo do mesmo ano.

A presente proposta de ampliación do cadro de persoal, queda supeditada ó desenvolvemento do expediente para a dotación de crédito que se contemplo no presuposto do xercicio 2005 co compromiso, de ser o caso, dos condicionamentos seguintes:

Se o presuposto para o ano 2005 non estivera aprobado no mes de xaneiro, o Concello de Vigo tramitará na primeira quincena do mes de xaneiro unha modificación de crédito para dar cobertura ás necesidades derivadas da modificación do cadro de persoal, así como á modificación para dar cobertura ó contrato de prestación de servizos auxiliares para un máximo de 13 traballadores durante 10 meses.

B.- Así mesmo esta moción propón, de conformidade co decidido na reunión da Mesa de Negociación de 8 de setembro aprobar a proposta da Presidenta do consello de Administración que se transcribe sobre o desenvolvemento destes acordos:

- a) Unha vez realizada a modificación de crédito o IMD procederá a desenvolver de forma urxente no mes de xaneiro do 2005, os procedementos de selección e contratación de forma interina dos 8 postos de traballo de axudante de mantemento tendo que se rematar o procedemento dentro do citado mes.

- b) unha vez aprobado o presuposto de forma definitiva o imd tramitará nos exercicios 2005, 2006 e 2007, a oferta de emprego correspondente a cubrir de forma definitiva estas 8 prazas de axudante de mantemento, de acordo coas limitacións que defina a lexislación vixente en materia presupostaria, para o cal procederá a aprobación e execución das correspondentes ofertas de emprego.
- c) Entre os meses de novembro e decembro o IMD, redactará e aprobará as bases dos procedementos selectivos do persoal con carácter interino."

DEBATE.- SRA. MOLARES PÉREZ: Como xa dixen na retirada do punto 7 da orde do día, reconvértese nunha moción urxente que se acaba de entregar a todos os Grupos e cuxo contido é practicamente o mesmo que estaba no punto 7 e que ten por obxecto que este Pleno se faga eco desa necesidade que hai no Instituto Municipal dos Deportes de falla de persoal e todos queremos poñer remedio a esa situación, de feito xa no ano 2002 houbo unha reunión con todos os Grupos e chegouse a un acordo. Por parte do anterior Goberno xa no ano 2003 houbo un acordo cos sindicatos en que estas oito persoas se ían incorporar en setembro de 2004 pero, ó estaren o orzamento de 2003 prorrogado, non foi posible facer efectivo este incremento neste ano.

O Instituto Municipal dos Deportes non só ten carencias en persoal, senón tamén no resto do Capítulo II e por iso se presentou a aprobación no Consello realizado este mes un orzamento cun incremento importante dun 15,63%.

O que queremos presentar nesta moción é esa necesidade de aprobación de oito prazas de auxiliares de mantemento para o Instituto Municipal dos Deportes condicionada á aprobación do orzamento que está presentado e aprobado no Consello do IMD e polo tanto só está pendente de aprobación no Pleno. Caso de que no Pleno non se aprobara o orzamento, habería que buscar outra alternativa a través dunha modificación orzamentaria posto que si é necesario ese incremento de persoal.

SR. SOTO FERREIRO: Primeiro porque había serias dúbidas de legalidade pasan vostedes a presentar coma moción un problema obxectivo, o problema é quen mantén os servizos do IMD se realmente non hai máis persoal. Pero o problema de orixe é que realmente isto non se puido facer xa no pasado porque non se votaron os orzamentos do Concello e eu non estou a falar dos orzamentos do Concello que propón o Goberno, senón os orzamentos do Concello que o Pleno da Corporación estime que son os máis convenientes para Vigo. Iso implica dúas cousas: a capacidade do Goberno e máis concretamente a da Sra. Alcaldesa que é a responsable de presentar un

anteproxecto de orzamentos e admitir, se non lle gustan ou deixan de gustar as emendas que se lle fagan, que realmente os orzamentos sexan efectivos. Pero como coa súa actitude o Partido Socialista e o Bloque cometeron un erro tremendo, na miña opinión, non aprobando os orzamentos sen lles facer ningún tipo de emenda, agora temos isto. Por iso o que lles dicía antes o lles vou dicir novamente de que non valen políticas faladeiras, temos que ser quen de facer consignacións orzamentarias para resolver os problemas da cidade, coma por exemplo iste.

Agora estamos todos preocupados por cómo imos resolveren este problema. Legalmente non ten encaixe porque non podemos contratar persoal para que ó mellor ó 1 de xaneiro isto non teña cobertura económica, por exemplo, porque senón o votariamos todos e non podemos tecnicamente, iso é un orzamento.

Logo me preocupa o modo e non sei porqué traen esta moción xa que ten que estar nos orzamentos xa que é aí onde se di cómo queremos o cadro de persoal. Vostedes traen esta moción non sei por qué, explíquenos a realidade política do por qué, ¿teñen medo de que non lles aproben de novo os orzamentos? ¿é que hai un problema de conflictividade co persoal? Non teño por qué facer suposicións pero en definitiva preocúpame e non me gusta esta dinámica e eu pídolles a todos e a cada un de vostedes coma grupos políticos que non a acepten porque mañá lle vai aparecer a sección sindical dun grupo calquera e vanlle preguntar qué pasa co seu, que se teñen carencia de sete persoas que hai que contratar xa porque senón o servizo non funciona e pasado mañá vaille aparecer outra sección e pasado outra.

A máis elemental prudencia (naturalmente que un fala destas cousas porque tivo experiencias de goberno), aconsella que estes temas se traten onde legalmente está previsto que se traten que é nos orzamentos e nos orzamentos é onde lle hai que dar resposta a todos os problemas de cadros de persoal e non os coller e empezar a desgallalos agora un por un, se me permiten a expresión, dun xeito trapalleiro e ir poñendo parches en malos sentidos.

Eu recomendaríalle, Sra. propoñente, que se o que quere é saber a intención de que a Corporación vai ser quen ou non de apoiar modificacións de cadro de persoal, se o quere dicir así de xeito xenérico, ogallá llo aprobemos todos, eu vou llo aprobar para aqueles lugares onde realmente se demostre que é interesante e o IMD é un deles, para llo dicir claro. Polo tanto non teño ningunha reticencia sobre o fondo do tema, estamos diante dun problema

e vostedes sen se decatarse ó mellor para o solucionar crean un problema maior. Pídelles máis serenidade e comprendo as súas dificultades.

Por outra banda, non é certo (é unha crítica a declaracións de membros do goberno) que poden gobernar con calquera orzamento sexa prorrogado ou non. Se se trata de se manter no poder para estar no poder si, de se tratar de resolver problemas e xestionar ben, rotundamente non como se demostra neste caso.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Dicer que nós estamos e sempre estivemos a favor do incremento do persoal no IMD porque é certo que xa no 2002 hai un acordo de todas e cada unha das forzas políticas que naquel momento configurabamos a Corporación de que era necesario aumentar o cadro de persoal do IMD, entroutras cousas porque no anterior goberno fixéronse novas instalacións deportivas municipais que lóxicamente houbo que contemplar e ogallá que este Goberno faga tamén algunha nova porque de momento non temos novas de ningunha, pero iso será para outro debate.

Nós o que temos que dicir é que apoiamos este acordo igual que o fixemos dentro do Consello de Administración o 6 de outubro de 2004 cando se aprobou por unanimidade de todas e cada unha das forzas políticas que formamos parte do IMD. Si é certo que non imos seren nós os que vaiamos poñer obstáculos para que se incremente o cadro de persoal do IMD, o que si nos gustaría é que unha vez que esta moción ven a Pleno e unha vez que alomenos pola nosa parte se vai aprobar, que a Concelleira de Deportes e os servizos técnicos traballen para que a solución sexa a que todos queremos pero conforme á lei, sinxelamente imos solicitar iso.

SRA. MOLARES PÉREZ: Coido que o tema xa está tratado no Consello do IMD, non é unha situación que presente este Goberno, como ben dixo o Sr. Domínguez Olveira, xa é unha situación que ven de longo. Estamos a falar de que se precisan oito persoas e non só iso, senón tamén se precisa persoal auxiliar a través do Capítulo II, co que a deficiencia é moi grande e claro que a fórmula está nos orzamentos, a fórmula lóxica é a dos orzamentos e o Sr. Soto ten toda a razón pero eu, coma Concelleira de Deportes, teño que daren saída a un problema que ven dende longo e que non pode ou polo menos os traballadores do IMD non están dispostos a seguir soportando.

Como dixen antes, xa en outubro de 2003 a anterior Concelleira de Deportes, Sra. Porteiro, comprometeuse ó incremento desas oito prazas en setembro de 2004 e eu o único que fago é tentar pospoñer este problema para xaneiro de

2005. Sen o orzamento aprobado as alternativas son difíciles, por suposto, pero dende logo que dende unha administración municipal hai que dar resposta e tentaremos dala, pero o lóxico dende logo sería que saíse da aprobación do orzamento.

VOTACIÓN DA URXENCIA.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito apróbbase a declaración da urxencia ó se acadar a maioría absoluta esixida polo artigo 51 do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local aprobado por real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, e artigo 83 do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais aprobado por real decreto 2468/86, de 28 de novembro.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,
ACÓRDASE:

Aprobar a moción presentada pola concelleira do Grupo Municipal do Partido Popular, Sra. Molares Pérez, sobre modificación da RPT do IME para o ano 2005, co texto que figura nos antecedentes do presente acordo.

B.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG INSTANDO A TOMAR AS MEDIDAS NECESARIAS PARA ASEGURAR A PERVIVENCIA DO MERCADO DO PROGRESO.

ANTECEDENTES.- Mediante escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 20 de outubro de 2004, o concelleiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, Sr. Toba Girón, presenta ó Pleno da Corporación a seguinte moción:

"A situación do Mercado do Progreso, en relación coa súa xestión pola actual concesionaria e a súa negativa a que os comerciantes de dito Mercado Municipal, participen na súa xestión, xunto coa aparente inacción do goberno que vostede preside, está empezando a ser moi preocupante. Si difícil é a xestión dun Mercado Municipal, funcionando este con normalidade, coa actual situación, si esta se prolongase no tempo, o dano que se pode producir na continuidade da súa actividade, pode ser enorme. E non estamos falando só do dano aos propios intereses, lexítimos, das persoas que alí desenvolven a súa actividade, estamos a falar do dano que se pode producir a un servizo público, municipal, que estamos obrigados a prestar e o efecto que ese dano produciría en usuarios e usuarias de dito Mercado Municipal.

Chegado a este punto, cómpre lembrar que foi durante o mandato de 1991 a 1995, cando a Corporación decide o cambeo do sistema de xestión dos Mercados Municipais, ata daquela realizada por medios propios, e opta por reconducir a xestión deste servizo municipal por vía da concesión administrativa. Ao tempo, na redacción dos pregos de condicións que rexiría os concursos, adoptase a decisión de percurar que a xestión de ditos Mercados, recaia nos propios comerciantes, entendendo que trátase de favorecer a pervivencia, alí onde existía mercado, de formas de comercialización autónomas e cooperativas, apoiadas nos propios comerciantes e nas vantaxes que representan tales formulas para os consumidores. Precisamente para favorecer dita permanencia asegurando o servizo público e a xestión directa polos comerciantes, nos pregos de condicións dos distintos concursos convocados ao efecto polo Pleno da Corporación, primóuse a existencia de asociacións de comerciantes formalmente construídas, reclamando a máxima representatividade. Precisamente con ese obxecto estipularonse canons a satisfacer ao Concello de carácter simbólico.

E así, adxudicaronse os concursos no Mercado de As Travesas e Teis, asegurando a xestión directa dos comerciantes, e asegurando o servizo á poboación. En ditos procesos só se apresentou candidatura á xestión por parte das respectivas asociacións de comerciantes. Mais non aconteceu así no caso do Mercado do Progreso.

No concurso, neste caso, presentaronse dúas asociacións, das que, a que resultou adxudicataria representaba ao 70% dos comerciantes e a outra ao restante 30%. De feito foi esta diferenza de representatividade a que desnivelou a prol da primeira a adxudicación. O certo é que a partir dese momento, a minoría integróuse na asociación maioritaria, agás casos excepcionais, participando a totalidade dos comerciantes na xestión do Mercado do Progreso, sen distinción e asegurando o servizo público aos usuarios.

Unha hábil xestión xudicial, aproveitando un defecto de forma no proceso de adxudicación, derivou nunha senténcia, cando menos curiosa, na que o Tribunal decide, non anular o concurso, senon adxudicar directamente á asociación minoritaria. E os trámites, como non pode ser de outro xeito, lévanse a efecto.

Pero compre indicar agora, que a actual adxudicataria, só representa a 6 persoas das que só 2 realizan a súa actividade no Mercado. A intención de dita "asociación" de marxinar da xestión do Mercado do Progreso aos auténticos protagonistas d actividade comercial, a inmensa maioría dos comerciantes, traiciona con toda evidencia a primitiva vontade municipal. Máis aínda, ¿u-lo o contido real dunha suposta "asociación" sen socios?.

Todo podería avanzar hacia unha solución razoable, cunha actitude integradora da actual adxudicataria, aceptando a necesaria e inevitable participación dos comerciante do Mercado, como no pasado aconteceu. Pero non é así, e o resultado é que a actual adxudicataria mesmo amenaza con pechar as portas do Mercado, deixando desatendido o servizo municipal que ten encomendado. E caseque resulta lóxico:a unha "asociación" sen comerciantes importalle ben pouco que o Mercado sufra máis deterioro, a venda e comercio de produtos non é o seu negocio. Son, paradoxicamente, os excluídos da xestión, a maioría dos comerciante de O Progreso, e por suposto os usuarios, os perxudicados por tal amenaza.

Entendemos dende sempre que a vía da negociación (definindo periodos transitorios, regulando os procesos de participación.....) debe ter preferencia. Pero non hai interés en negociar por parte do "único representante da asociación inexistente", non hai intención de comprender e promover a necesaria participación dos auténticos axentes da actividade do Mercado. O único interés é, por medio dunha asociación practicamente sen asociados, que un grupo de xestión acobillado tras de tal carauta, se faga co control dunha instalación municipal que tiña que ser xestionada por unha sociedade sen ánimo de lucro.

Perante de tal situación, co aparente fracaso dos procesos negociadores, ante a necesidade de atender ao interés público e a protección dos dereitos da cidadanía, o Grupo Municipal do BNG, propon ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

O Pleno da Corporación insta á Alcadía-Presidencia e ao Goberno Municipal a adoptar todas as medidas necesarias para, tendo en conta o interés público na actividade do Mercado do Progreso, asegurar a pervivencia do servizo municipal que representa o propio Mercado e a participación dos comerciantes, os auténticos axentes de actividade, na xestión.

DEBATE SOBRE A URXENCIA.- A PRESIDENCIA: Quero agradecer de antemán que a presenza numerosa das persoas do Progreso respectase o bo funcionamento do Pleno.

SR. TOBA GIRÓN: Efectivamente esta moción está presentada por vía de urxencia, ten entrada no Rexistro o pasado día 20, e por esa razón non puido entrar nas comisións informativas como era o noso desexo.

Presentouse o día 20 en vista de que estabamos observando que en razón dos problemas coa actual adxudicataria e coa súa negativa a facilitar a participación na xestión dos auténticos axentes da actividade económica dese Mercado que son os comerciantes, estaba dando lugar a unha situación realmente preocupante porque se difícil é xestionar un mercado municipal en condicións normais, moito máis difícil é xestionalo nesas condicións e o dano que se pode provocar sobre un servizo municipal como son os mercados pode ser enorme.

Cando falamos de danos evidentemente hai dous; por unha banda o dano ós propios comerciantes que alí desenvolven a súa actividade, pero en segundo lugar o dano ós propios consumidores e consumidoras, o dano á cidadanía de Vigo que nalgún momento pode correr o risco de se quedar sen ese mercado municipal.

Nos anos pasados optouse por unha fórmula de xestión que derivaba a xestión dos mercados nos propios comerciantes. Nós entendemos que esa fórmula de xestión é correcta e de feito se está aplicando con toda normalidade no

resto dos mercados de Vigo. Lamentablemente e malia de que precisamente con ese obxecto o Concello de Vigo no seu momento nos concursos estipulou canons de carácter simbólico, prevendo con iso a presentación de asociacións ou sociedades sen ánimo de lucro, lamentablemente no caso do Progreso, non foi así. En razón de problemas de forma que agora non veñen ó caso a situación foi a que resultou e esa situación debe seren solucionada porque independentemente de que haxa unha adxudicataria, que neste caso baixo o noso punto de vista exhibe a carauta dunha asociación non sendo tal, a realidade é que hai un servizo público do que temos que asegurar o seu funcionamento e hai unha xestión necesaria do mercado por parte dos propios axentes, dos propios comerciantes que debe ser tamén asegurada en razón de facérmonos receptores daquela filosofía que naceu no mandato 91 a 95 e que trunouse por problemas, como lles dicía antes, de forma.

Máis aínda, dende sempre formulamos mesmo xa no anterior Goberno, a posibilidade dunha saída negociada, dun acordo que permitira preservar ese interese público e permitira preservar a participación dos comerciantes na xestión do mercado.

Lamentablemente semella non seren posible e dígoo porque as solucións de acordo negociadas son preferentes neste caso, pero semella non seren posible en razón de que a adxudicataria non quere de ningún xeito comprender a necesidade da participación dos comerciantes na xestión do mercado e máis aínda, mesmo amenaza con pechar o Mercado do Progreso e sinceiramente iso xa nos semella o colmo porque o que non pode ocorrer en ningún caso é que un servizo público resulte abandonado.

Polo tanto, buscando que esta Corporación e o Goberno municipal asegure o ben principal que é o servizo público e aposte pola xestión directamente polos comerciantes, formulamos un acordo taxativo pero amplo para que vostedes traballen con tranquilidade. Taxativo porque formulamos que o Goberno tome todas as medidas necesarias, non imos definir ningunha neste Pleno porque esa é cuestión do Goberno municipal, pero todas as medidas necesarias que permitan asegurar a pervivencia do servizo público que é o mercado e por suposto a participación dos comerciantes na súa xestión, claro que si.

Por razóns de cortedade, Sra. Presidenta, incluo xa defendida propiamente a urxencia, de tal xeito que como ven utilicei a miña quenda para presentar en primeiro lugar a urxencia porque é realmente urxente actuar, e en segundo lugar o fondo da cuestión. Nada máis gracias.

VOTACIÓN DA URXENCIA.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito apróbase a declaración da urxencia ó se acadar a maioría absoluta esixida polo artigo 51 do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local aprobado por real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, e artigo 83 do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais aprobado por real decreto 2468/86, de 28 de novembro.

DEBATE.- A PRESIDENCIA: Entendido que tamén está exposto o fondo do asunto, ten a palabra o Sr. Concelleiro de Democracia Progresista Galega.

SR. SOTO FERREIRO: Mirar cara atrás é sinxelo. Houbo noutra ocasión unha adxudicación ben intencionada e mal feita pola Corporación municipal, o Partido Socialista e o Bloque erraron nos "comos" e eu estaría de acordo para o dicir claro e alto nos "qués" do que fixeron, polo tanto miren se empezo a comprometer opinión rotundamente. Pero houbo outra labazada máis dos tribunais, unha máis da mala xestión que fixeron no pasado dalgúns temas que agora nos sitúan diante deste problema, pero estamos onde estamos e por iso quero empezar por dicir que eu comparto a intervención do Sr. Toba pero só lle vou facer unha pequena matización porque dixemos que iamos falar o menos posible e así o vou facer.

En primeiro lugar déixeme loubala, seméllame dunha prudencia exquisita tal e como se presenta esa moción. Eu estaba preocupado cando se me anunciou a presentación da moción porque podía esperar cousas máis preocupantes para a xestión municipal. Dado o compromiso e mesmo as declaracións públicas do Bloque sobre este tema, estou convencido de que realmente aquí se quere ir resolver o fondo do problema e non facer unha declaración sen máis para veren se o Goberno fai ou deixa de facer. Eu vou votar o mesmo que faga o Goberno porque é o responsable de facer pero lle recomendo ó Goberno que como lles pete: con comisión ad hoc, con Xunta de Voceiros ou como queiran, que busquen a implicación do conxunto da Corporación na responsabilidade das decisións.

Sobre a responsabilidade das decisións eu anuncio como ten que ser, porque non o fixemos responsablemente ata este momento que se trae ó Pleno. Primeiro, estamos nun Estado de dereito, a min me gusten ou non as sentenzas están aí e que hai aquí non me gusta, para seren máis claro, pero está aí e polo tanto coma demócrata téñoa que respectar. Pero dito que non

me gusta porque coido que pode montar a liorta social que está montando, entroutras cousas, a min me parece que a recomendación de diálogo -dicía o Sr. Toba- semella difícil ou imposible; en todo caso unha advertencia: hai admonicións ou ameazas que mellor que as garden porque aínda que un potencial rescate da concesión sería posible, xa veriamos de qué xeito e non vou entrar máis aló, dende logo que sería rotundamente posible se se fai "lock all". Na miña opinión se alguén que ameaza con pecharen pecha, ó día seguinte o Concello intervén e abre rescantando. Dígoo claro porque as ameazas socialmente cando son perigosas hai que teren coidado con elas.

Non son partidario de ningunha situación traumática, pola contra o partido que represento lle fai unha chamada ás partes para que: a) asuman que hai unha sentenza que está aí; b) os que son depositarios da administración desa sentenza saiban que as maiorías en ningunha parte, en ningún país democrático do mundo poden seren marxinas e que polo tanto teñen que atopar canles de participación suficiente e razoable e que, se vale de algo a recomendación que ata hoxe non valeu de nada, ogallá non queiran gañar cada quen unha batalla e se apresten a gañar o que todos deben gañar.

Dicía o Sr. Toba con moi bo sentido que aquí pode haber un prexuízo ou que xa o está habendo para consumidores que se ven afectados; evidentemente e dende logo para os que teñen os postos porque ás veces, compañeiros da Corporación, hai clientes que ás veces atopan o servizo noutro lugar e xa non volven. Están xogando gravemente co mercado e pediríalle á responsabilidade da Corporación e á de todos os afectados que debemos tentar ser o catalizador que axude a un acordo pero deben chegaren a un acordo porque é moi difícil a pervivencia dun mercado no que uns gañan por goleada sexan quen sexan os outros. Se se poñen na solución de pactar o Concello debe facilitar fórmulas, se non é así mal o imos ter.

En todo caso agradecer unha vez máis, e non me canso, a prudencia da súa moción que vou votar con moito gusto, Sr. Toba.

SRA. GRAÑA BARCIA: Anticipamos tamén o noso voto a favor da moción presentada e compartimos integramente a proposta de acordo que na mesma se contén, pero si nos gustaría facer pequenas precisións.

Comprendemos a complexidade deste tema pola súa propia historia, historia típica onde non coincide o fin perseguido coa realidade coa que hoxe nos atopamos. Dende logo estimamos e tamén compartimos integramente a manifestación do Sr. Soto no sentido de que non se debe dar por esgotada unha vía de negociación, todo aquilo que medie co acordo entre as partes

afectadas neste momento coidamos que sempre será a mellor solución a ese litixio, caso de non seren así obviamente a aplicación dos pregos e do regulamento do servizo non só está nesa man, senón que debe estar aí.

Si quixeríamos facer un pequeno recordatorio porque moitas veces a indecisión, e trememos que neste momento o Goberno caira nun certo grao de indecisión, ó único que nos traslada é á ineficacia e neste caso a ineficacia nos está a trasladar a un grave problema na vida do mercado, tanto para os que están alí ocupando os seus postos de traballo, coma para os cidadáns que precisan dese servizo.

SR. GUERRA FERNÁNDEZ: Antes de nada quixería comentar algunha cousa sobre o texto da moción. Eu teño un especial respecto polo Sr. Toba e sei que ten moitísima experiencia neste tema porque o vivíu en primeira persoa e xa o comentei con el nalgunhas ocasións e do propio teor da moción pódese concluir a dificultade que ten a solución deste problema. Esta moción non é máis que unha declaración de boas intencións. Nós estamos dende hai tempo con este tema e eu esperaba da moción, Sr. Toba, unha solución, un apoio que neste caso non se formula.

Quérolle dicir que este problema xurde hai moitos anos, o 31 de marzo de 2003 hai un Pleno a este respecto e a partir dese momento pouco se fixo. Dende que teño conciencia deste problema estou a traballar a cotío para o tentar resolver pero sucede que a dificultade para ter unha solución que respecte todos os dereitos de todas as persoas que están implicadas é moi grande.

Ademais de todo temos que manter un principio que é o dos intereses municipais que é posible que non se teña suficientemente en conta pero tomando decisións á lixeira ou nalgúns casos fáciles se recargue nalgún momento futuro a facenda municipal con algúns prexuízos que eu non quixería.

Vostede sabe moi ben que moitas veces é máis fácil dende unha posición de goberno tomar a decisión fácil e sen pensar pero que é politicamente correcta que tentar aplicar o maior rigor. Eu garántolles que tentando comprender o problema, de garantir ó máximo o funcionamento do mercado, de me responsabilizar das persoas que traballan nese mercado, o único que estamos a facer dende un primeiro momento é tentar aplicar o maior rigor entendendo que temos que dar esa resposta. O mesmo que vostedes piden aquí é o que nós levamos facendo dende hai tempo sen ningún tipo de moción, pero o temos que considerar dende un punto de vista de rigor e para ese rigor

pido un pouco de respecto, non se trata de ineficacia, trátase de seren rigorosos.

Dende hai tempo eu mantiven infinidade de reunións (non llas vou ler) con todas as partes para tentar chegar a ese consenso que todos vostedes desexan e que eu son o primeiro interesado en que suceda. Pero a realidade é que ata o momento non foi posible ese consenso pero iso non quere dicir que o Concello non estivese implicado no problema, dende o primeiro momento estivemos implicados buscando esas solucións, mesmo pedimos un labor mediador a persoas externas coma o Valedor do Cidadán por se houbo algún enxuste no problema, algunhas cousas mesmo de tipo persoal para tentar de nos entender e todo este labor de intermediación mantívose co maior e escrupuloso respecto ó funcionamento do mercado para tentar que ese mercado funcione o mellor posible tentando, como dixen antes, de respectar o interese do colectivo de comerciantes. Ímolo seguir facendo como o fixemos ata moi recentemente.

Sen embargo e diante da imposibilidade de chegaren a ese consenso tan desexado que coido que sería bo para todo o mercado e diante do anuncio da actual concesionaria da posibilidade do peche do mercado (estou totalmente de acordo co Sr. Soto de que iso non se pode producir) eu mesmo vou presentar á Xunta de Goberno Local que se realizará nuns minutos o seguinte acordo:

"Incoar expediente informativo á Asociación de Vendedores e Comerciantes do Mercado Municipal do Progreso coma concesionaria do servizo público para a xestión e explotación do Mercado Municipal do Progreso ó obxecto de fiscalizar a xestión e o funcionamento do servizo público durante o período que leva transcorrido da vixencia do contrato.

Outorgar á concesionaria Asociación de Comerciantes e Vendedores do Mercado do Progreso un prazo de 15 días a partir da seguinte notificación do presente acordo para que teña vista do expediente e poida formular as súas alegacións e presentar a documentación para a defensa dos seus intereses que teña por conveniente.

Requirir á Asociación de Comerciantes e Vendedores do Progreso para que no prazo anteriormente outorgado presente diante desta Administración informe detallado dos datos e resultados da súa xestión realizada dende a suscripción do contrato concesional á actualidade nos aspectos xurídicos, contractuais, económicos e financeiros achegando documentación acreditativa da mesma."

Eu garántolles que estamos tentando unha solución e que todos os cidadáns e todas as persoas que teñen que ver con este mercado poden estar tranquilos posto que a administración municipal vai exercer coma titular do servizo público do que estamos a falar todos os labores inspectores, fiscalizadores e interventores necesarios para que ese mercado sega traballando e desenvolvendo a súa actividade para o beneficio dos cidadáns e para a vida das persoas que nel traballan.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteséis membros presentes da Corporación, dos vintesete que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción presentada polo concello do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, Sr. Toba Giron, sobre medidas necesarias a tomar para asegurar a pervivencia do Mercado do Progreso, co texto que figura nos antecedentes deste acordo.

19.-(289).- ROGOS E PREGUNTAS.

* ROGO DO CONCELLEIRO DO BNG, SR. FERNANDEZ FERNÁNDEZ, SOBRE OBRAS NA PONTE DO PONTILLÓN POLA CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E VIVENDA.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 22 de outubro, o concelleiro do Grupo Municipal do BNG, Sr. Fernández Fernández, formula o seguinte rogo:

"Actualmente a ponte do Pontillón na corredoira de Castrelos ten limitado o peso dos coches que o poden utilizar por problemas estruturais, polo que se redactou un novo proxecto da ponte (previos informes técnicos que así o aconsellaban). Na acta núm. 6 do 25 de xuño de 2002, recóllese o acordo e a entrega do avance do proxecto así como o compromiso do envío inmediato do proxecto constructivo, e así se fixo. Polo anteriormente exposto rogo:

Que a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda manteña a construción da nova ponte do Pontillón como se acordou e informe da data prevista para execución da obra."

INTERVENCIÓN DO SR. FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Fágolle un rogo á Sra. Presidenta polo que lle pregaría a seguinte xestión: "Que a Consellería de Política

* PREGUNTA DO CONCELLEIRO DO BNG, SR. FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, SOBRE INICIACIÓN OBRAS DE RÚAS.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 22 de outubro, o concelleiro do Grupo Municipal do BNG, Sr. Fernández Fernández, formula a seguinte pregunta:

"Estando actualmente vixente o convenio de colaboración entre a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda e o Concello de Vigo por un importe total de 21.035.423,65 euros (3.500 m. de ptas.) para a execución de diversas obras, observo que no ano 2003 non se iniciaron novas obras e existe o temor de que tampouco se fagan no 2004 e se perdan as inversións previstas e acordadas e que si se cumpriron nos anos 2000, 2001 e 2002 (Rotonda de Saiáns, Estrada de Zamáns, estrada Vella de Madrid, que se está a rematar).

Por todo o anteriormente exposto, esperando que o actual concelleiro non se esqueza de cumprir os compromisos asinados e dado que o Concello de Vigo ten asumido e resolto totalmente a parte a que se comprometeu, solicito nos informe do seguinte:

¿Cando se inician as obras previstas nos anos 2003 e 2004 correspondentes ás rúas Pedro Alvarado, Camiño de Maceiras, Manuel Alvarez, Severino Covas, Gandarón, etc.?

INTERVENCIÓN DO SR. FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: A pregunta é: ¿cándo se inician as obras previstas nos anos 2003 e 2004 correspondentes ás rúas de Pedro Alvarado, Camiño de Maceiras, Manuel Álvarez, Severino Cobas e Gandarón? Pódeme contestar cando vostede o considere oportuno.

A PRESIDENCIA: Pódolle adiantar, xa que se presentaron hai uns días, que estamos a traballar nun novo convenio porque na súa pregunta expón que está vixente o anterior e non o está, como o día 4 de febreiro de 2004 recoñecía o Sr. Pérez Castrillo, porque este convenio caducou.

Quérolle dicir que estamos a traballar para facer un novo convenio e espero que as cifras se pechen xa nas próximas datas e anúnciolle que temos a conformidade de que ese convenio se vai asinar pero estamos pechando as últimas cifras para que se poidan executar todas as actuacións pendentes da cidade.

* ROGO DO VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DE DPG, SR. SOTO FERREIRO, INSTANDO A QUE SE IMPIDAN AS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DO CENTRO COMERCIAL DA LAXE.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data do 25 de outubro, o voceiro do Grupo Municipal DPG, Sr. Soto Ferreiro, formula o seguinte rogo:

"Que a Sra. Alcaldesa, na representación da decisión de todos os corporativos impeda que comecen ou continúen as obras do centro comercial da Laxe.

Malia os acordos plenarios anteriores ó respecto, non acabo de ver firmeza na Sra. Alcaldesa nin nos outros tres grupos políticos sobre o centro comercial A Laxe, algo que de se construír constituiría un tapón diante do mar. Cómpre impedir, a toda costa, que se consume o tapón, xa que de se facer sería un dano gravísimo para Vigo.

Sra. Alcaldesa: ou negociado coa Zona Franca (¡ogallá!) ou con toda a firmeza que da saber que se defenden os intereses do pobo de Vigo diante dun negocio única e exclusivamente especulativo, ¡Quen te viu e quen te ve Zona Franca!"

INTERVENCIÓN DO SR. SOTO FERREIRO: Que a Sra. Alcaldesa na representación da decisión de todos os Corporativos impida que comecen ou continuen as obras do centro comercial da Laxe.

É un rogo moi concreto, Sra. Alcaldesa, porque ás veces estamos lendo declaracións, non sei se subrepticias, non sei para veren se algúns tragamos, pero se as obras empezaron páreas e se non empezaron e van empezar páreas cando vaian empezar. Para iso percure informacións técnicas ó respecto de dentro ou de fóra da Casa. Correspóndelle a dirección deste problema e dígolle rotundamente que se a dirección estivese nas miñas mans, se eu fose alcalde de Vigo, este problema se solucionaría do único xeito que se pode facer; defendendo o que quere o pobo de Vigo, non defendendo o especulativo negocio que quere montar Zona Franca a mantenta.

Se a Zona Franca de hoxe e de mañá se vai dedicar a gañar cartos na construcción e na promoción de elementos constructivos en contra dos intereses do pobo de Vigo, dende logo a este Grupo municipal vaino ter rotundamente en contra.

Sra. Alcaldesa, ó mellor pásome de suspicaz pero lle teño que dicir claramente que non me parece que vostedes manteñan a firmeza que tiñan ó principio neste tema, dáme a impresión de que empezan a seren comprensivos e gustaríame saber se a comprensividade é porque hai algunha comprensión debaixo da mesa.

Vexo comprensividade ou compresión de que o proxecto que se presente é bo e mellor ca outro e eu tamén digo iso, mesmo é mellor co anterior, pero o que non pode mellorar ningún proxecto por mellor que sexa e ese éo, para deixaren claras algunhas posturas, é que vai ser un tapón insuperable e irreparable nesa zona diante do mar.

Polo tanto, sen ningún tipo de tibieza, fálalle quen no seu día paroulle ó Porto de Vigo a construción dun ferrocarril a Bouzas e paroulla cando estaban a levantar adoquíns e pola vía da negociación chegouse a unha solución.

Se Zona Franca quere tirar cara adiante a calquera prezo párelle a obra a calquera prezo e que sexan os Tribunais de Xustiza non sei cantos anos despois os que resolvan o conflito. Se Zona Franca quere un enfrontamento total co que pensan a unanimidade dos Grupos da Corporación, fagámolo. Dende logo non me vai valer ningún subterfuxio, ningún tipo de acordo, nin ningunha componenda que non sexa que non se constrúa nada onde está previsto o centro comercial da Laxe.

Espero non ter que seguer pola actitude da Sra. Alcaldesa, e volver traer este tema ó Pleno. Os membros deste Pleno en Zona Franca poden e deben en todas e cada unha das reunións que se dean en Zona Franca insistir e manter a súa firmeza, que saiba Zona Franca, que estamos dispostos a unha confrontación total para defender a Vigo porque Zona Franca vai estragar unha zona de Vigo con ese proxecto absolutamente especulativo que non ten o máis mínimo interese para o conxunto da cidade.

A PRESIDENCIA: Moi brevemente porque así foi o acordo. Dende o primeiro Pleno da Zona Franca no que se expuxo a conveniencia ou non de facer o centro comercial da Laxe todos os Grupos alí representados e con posterioridade, aquí en Xunta de Voceiros, todos dixemos que non á construción do centro comercial da Laxe e polo tanto todos seguemos nesa actitude. Iso non quere dicir que en Plenos posteriores a aquel primeiro Pleno o cambio do resto dos representantes no Pleno do Consorcio da Zona Franca fose tamén distinto ó sentimento que todos expresamos no primeiro Pleno.

Polo tanto teño que dicir que, dadas as actuais circunstancias, nese Pleno da Zona Franca onde se decide, e que nós todos os Grupos políticos mantémonos na mesma postura, eu pedinlle o día 4 de outubro un informe ó Sr. Secretario para veren as posibilidades que temos para paralizar ou non a construción dese centro. Enviareilles a todos ese informe pero saiban

que todos os Grupos seguemos coa mesma postura e dende logo coido que na última Xunta de Voceiros así o expresamos. Moitas gracias.

SR. SOTO FERREIRO: Sra. Alcaldesa, voulle facer un ofrecemento: se vostede ten medo a se queimar por seren alcaldesa de Vigo ofrézolle ser Alcalde por un día para suspenderen esas obras. Haxa o informe que haxa enriba da mesa ou ¿está buscando vostede os informes que quere buscar? Dígollo con máis sospeitas ¿están facendo o teatro para que se diga que os pobres corporativos que minoría na Zona Franca e gaña democraticamente a maioría? ¿están vostedes con ese teatro do inimigo de Vigo?

Se están vostedes con ese teatro a Corporación e a Sra. Alcaldesa é suficiente e pode parar as obras. Non lle debato nin un segundo máis se me di que como empecen as obras párollas, dígame iso, por favor e se non me ofrezco para o facer eu sendo alcalde por unha hora, non xa por un día, unha hora é suficiente para decretar a paralización. Asuma vostede a responsabilidade de gobernar defendendo de verdade os intereses de Vigo e non achegándose ós intereses especulativos absolutamente contrarios ós intereses da cidade.

A PRESIDENCIA: Sr. Soto, para pechar este tema: as sospeitas non llas tolero nin a vostede nin a ninguén. Os votos son os que valen e o noso Grupo e eu persoalmente comprometinme a través do meu voto en contra; medo ningún e coido que o estou demostrando, ningún e a nada pero irresponsabilidade tampouco ningunha. Polo tanto imos actuar como temos que actuar cos informes preceptivos que temos que ter e asegúrolle que con toda contundencia.

* PREGUNTA DA SRA. SÍO LOURIDO, DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, SOBRE OBRAS DE ACCESIBILIDADE.

INTERVENCIÓN DA DA SRA. SÍO LOURIDO: Eu queredría facer unha pregunta e un rogo pero a temática de fondo é a mesma.

A pregunta vai dirixida ó Sr. López-Chaves Castro, e ten que ver un pouco co tema de accesibilidade.

Durante a lexislatura pasada realizouse un plan de accesibilidade na cidade e unha das partes seguintes nos últimos anos de lexislatura tentouse conveniar co Insero e coa Fundación Once un proxecto de obras na cidade.

Presentouse un proxecto para a remodelación da Praza de Portugal que se realizara con técnicos do Concello. Lembro que cando eu deixei a Concellería tentouse negociar, quedou fóra ese ano, pero dende a Fundación Once e dende o Inerso formulábase que ese proxecto seguía vixente para xestionar en anos vindeiros.

Non temos novas de que se realizaran xestións dende a Concellería para acadar este convenio e esta axuda económica durante este ano, nin a finais do ano pasado. Gustaríanos saber se dende a Concellería se vai retomar este tema e se vai tentar acadar un convenio de obra coa Fundación Once e o Inerso para o financiamento de obras de accesibilidade na nosa cidade.

* ROGO DA SRA. SÍO LOURIDO, DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA SOBRE CONVENIO DE MOBILIDADE COA UNIVERSIDADE DE VIGO.

INTERVENCIÓN DA SRA. SÍO LOURIDO: Este rogo vai dirixido ó Sr. Coello, xa llo realicei por pasiva e agora vouno facer por activa.

Hai pouco na Xunta de Goberno Local déuselle o visto e praxe a un convenio de mobilidade coa Universidade de Vigo. É un convenio que nos semella importante e innovador porque ten que ver coa regulación dos tráficoes na nosa cidade.

Neste convenio fálase de mobilidade, de accesibilidade, de peóns e de vehículos a motor. Estando de acordo coa finalidade do convenio o rogo sería que os técnicos do Concello e os da Universidade tivesen en conta ese Plan de accesibilidade que se realizou e que é bo, segundo todas as persoas que o miraron, para o estudo dos tráficoes nesta cidade. Tamén que se contemplen as bicicletas como medio de transporte.

A PRESIDENCIA: Respostaráselle por escrito e tense en conta o rogo.

* ROGO DO SR. DOMINGUEZ OLVEIRA, DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, SOBRE VENDEDORES AMBULANTES DA RÚA MÉNDEZ NÚÑEZ.

INTERVENCIÓN DO SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Nestes días estamos a escoitar e mesmo se dirixiron a nós coma Grupo político os vendedores ambulantes da zona de Manuel Núñez.

O rogo do Bloque Nacionalista Galego é que por parte do Goberno municipal non se peche ningunha vía de diálogo con estes comerciantes, con estes vendedores, que se teña a sensibilidade que supoñemos que se ten con este tema e que mesmo non se esgote ningún tipo de posibilidade coma a de contemplar que estes vendedores segan facendo esta actividade onde nestes momentos estaban porque o que si analizamos nós por estudos e demais é que a verdade é que tampouco semellaba que tivera moitas complicacións. En todo caso o rogo é que se chegue a un acordo e que polo menos se solucione este problema que ten preocupado a este colectivo.

A PRESIDENCIA: Agradezo o intento de concreción e de brevidade de moitos de vostedes, entendo que a priori non se poden saber as votacións aínda que se supoñan e por tanto é moi difícil saber se pode haber debate, pero si que a brevidade é importante e coido que en todos está presente. Gracias a todos e queda rematado o Pleno.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Presidencia deu por rematada a sesión, ás once horas e trinta minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fé do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e maila do Excm. Sra. Alcaldesa-Presidenta, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

kv.

A ALCALDESA,

O SECRETARIO DO PLENO,

M^a Corina Porro Martínez

José Riesgo Boluda.